



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 17 de febreiro de 2022**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezasete de febreiro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(91).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbbase a acta da sesión or. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(92).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 14471/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 11/02/2022, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 13760/111  
Auto nº 2, do 3 de xaneiro de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 214/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 5-5-2021. Rectificación autoliquidación de IIVTNU

Expte(s): 5215/550, 16530/514 e 32524/514

Contía: 24.233,14 €

Declara rematado o procedemento (resolución do 16-12-2021) por satisfacción extraproce-sual.

O TE-A do Concello de Vigo, a Dirección de Ingresos e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 14009/111

Sentenza nº 3, do 10 de xaneiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 325/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: XGL 10-6-2021. Retribución de complementos de nocturnidade e festividade, ILT, en vacacións e permisos

Expte(s): 35363/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

Os departamentos de Persoal (e Seguridade e Tesourería-Nóminas) deben coñecer o resol-to.

3.- Contencioso. Expediente nº 14039/111

Auto nº 77, do 28 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 340/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 25-3-2021(en reposición). Sanción Trafico (N.I.C.).

Expte(s): 287528/280

Contía: 800,00 €

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual en vía administrativa (re-solución do 30-11-2021).

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o re-solto.

4.- Contencioso. Expediente nº 14064/111

Decreto nº 136, do 27 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 360/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo. Rectificación autoliquidación de IIVTNU

Expte(s): 5389/550

Admite a desistencia da actora (por satisfacción en vía administrativa).



## Concello de Vigo

O TE-A do Concello de Vigo, a Dirección de Ingresos e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 14323/111  
Auto nº 5, do 17 de xaneiro de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 389/2021  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo IIVTNU  
Expte(s): 5411/550

Declara rematado o procedemento (por resolución do 5-1-2022 de satisfacción extraproce-sual).

A Dirección de Ingresos e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 14320/111  
Auto nº 6, do 17 de xaneiro de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 390/2021  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo. IIVTNU  
Expte(s): 5409/550

Declara rematado o procedemento (por resolución do 5-1-2022 de satisfacción extraproce-sual).

A Dirección de Ingresos e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 13875/111  
Sentenza nº 7, do 13 de xaneiro de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 280/2021  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Desestimación presunta solicitudes de información (sobre vaos) do 25-3 e 7-4-2021.  
Expte(s): 116248/210, 119480/210, 120075/210, 124536/210 e 124630/210  
Contía: 1.000,00 €

Esta sentenza, firme, aprecia a desaparición sobrevida do obxecto do recurso (por decreto do 17-11-2021), con imposición de custas, taxadas en 100 euros, ao Concello por nor ter resolto en prazo.

A Secretaría Xeral e o Departamento de Seguridade deben coñecer o resolto (exercicio do dereito do art. 105.b. C.E.).

8.- Contencioso. Expediente nº 14028/111  
Decreto nº 133, do 27 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Ordinario: 340/2021  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Desestimación presunta RPA por caída na vía pública o 10-5-2020

Expte(s): 6301/243  
Contía: 58.159,00 €

Acepta a desistencia da actora.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto (Resolución do 22-12-2021: E.P. 29 326,40 euros).

9.- Contencioso. Expediente nº 14322/111  
Auto nº 3, do 8 de xaneiro de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 398/2021  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo. IIVTNU  
Expte(s): 5416/550

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.  
A Dirección de Ingresos (IIVTNU) e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 14327/111  
Auto nº 4, do 18 de xaneiro de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 399/2021  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Resolución do TE-A. IIVTNU  
Expte(s): 5408/550

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.  
A Dirección de Ingresos (IIVTNU) e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 14316/111  
Auto nº 4, do 7 de xaneiro de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 388/2021  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo. IIVTNU  
Expte(s): 5414/550

Declara rematado o procedemento (por resolución do 5-1-2022 de satisfacción extraprocesual).  
A Dirección de Ingresos e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 13863/111  
Sentenza nº 271, do 9 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 268/2021  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: Resolución do 22-7-2021 (en reposición). Multa coercitiva (orde de limpeza de terreos)  
Expte(s): 18560/310



## Concello de Vigo

Contía: 1.000,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas.

O departamento de Medio Ambiente debe coñecer o resolto (e considerar o sinalado no F.D. 2º: datar as fotografías das actuacións inspectoras).

13.- Contencioso. Expediente nº 13873/111

Sentenza nº 230, do 1 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 238/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 5-7-2021 (en reposición). Sanción de tráfico (estacionamento)

Expte(s): 287079/280

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 12798/111

Sentenza nº 233, do 10 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 102/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: XGL 12-12-2019 (en reposición). Pregos de condicións contrato de servizos de coordinación de seguridade e saúde das obras ... da Porta do Sol

Expte(s): 326/441

Contía: Indeterminada, superior a 30.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Fomento debe coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 13864/111

Sentenza nº 235, do 15 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 224/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Actuacións executorias para a cobranza de tributos e sancións (2009-2018)

Expte(s): 111575/700

Contía: 23.739,88 €

Esta sentenza, que non é firme, declara inadmisíbel, por extemporáneo, o recurso, con custas taxadas de oficio.

A Tesourería-Recadación municipal debe coñecer o resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 12425/111

Sentenza nº 536, do 9 de decembro de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Recurso de apelación: 15034/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do 17-7-2017 do TE-A do Concello de Vigo. Liquidación taxas OF nº 35 (segundo semestre de 2016) e recurso indirecto contra a O.F.  
Expte(s): 4464/550 e 33779/502  
Contía: 220.082,10 €

Desestima o recurso de apelación promovido pola mercantil demandante, contra a Sentenza nº 299/2019 de instancia (e, xa que logo, confirma a liquidación municipal obxecto de recurso).

*Procedemento de orixe: RC-A nº 370/2017 PO XC-A nº 1 de Vigo, Sentenza nº 299/2019 do 7-10-2019, desestimatoria.*

17.- Contencioso. Expediente nº 13472/111  
Sentenza nº 1, do 19 de xaneiro de 2022  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1  
Ordinario: 72/2021  
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo  
Obxecto: Resolución da Consellería de Facenda, Xunta de Galicia. Retencións do Fondo de Cooperación Local (liquidacións do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar) (art. 69 da L. 2/2017)  
Contía: 1.157.500,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio. Os departamentos de Benestar Social e Tesourería deben informar con urxencia sobre a procedencia e bases dun eventual recurso de casación.

#### B/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 14133/111  
Decreto nº 466, do 27 de decembro de 2021  
Xulgado do Social nº 1 de Vigo  
Ordinario: 822/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: Reclamación retributiva presentada o 19-4-2021. Horas extraordinarias 2020, oficial condutor Parque móbil (fórmula de calculo das 115 horas realizadas).

Admite a desistencia do demandante.  
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

2.- Social. Expediente nº 14031/111  
Sentenza nº 658, do 10 de decembro de 2021  
Xulgado do Social nº 1 de Vigo  
Seguridade social: 728/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: Resolución do INSS (EVI 22-9-2021). Determinación de continxencia I.T. (9-12-2020 a 21-7-2021)



## Concello de Vigo

A sentenza, firme, estima a demanda e declara que a I.T. de autos deriva de accidente laboral (do 13-1-2020).

O departamento de Persoal (e o de Seguridade-Policía Municipal) deben coñecer o resolto.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **3(93).-PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DO CENTRO MUNICIPAL PARA O TRATAMENTO DAS DROGODEPENDENCIAS (CEDRO), E DAS UNIDADES BÁSICAS DE ACCIÓN SOCIAL (UBAS). EXPTE. 2878/315.**

Visto o informe xurídico do 03/02/2022 e o informe de fiscalización do 04/02/2022, dáse conta do informe-proposta do 20/01/2022, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Área de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES**

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 07.06.2018, acordou adxudicar á mercantil “Segursystem Europa, SLU” o procedemento aberto para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia en CEDRO e UBAS por un prazo de 4 anos (prorrogable mediante dúas prórrogas dun ano cada unha) contado desde o 01.08.2018, por un prezo total de 286.915,20 €.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

I.3. Tanto no contrato como no PCAP prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de 4 anos, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

I.4. A data efectiva de inicio deste contrato fixouse no 01.08.2018, polo que o acordo municipal para a primeira prórroga debía producirse necesariamente antes do 31.07.2022, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.

I.5. Tramítase agora o expediente administrativo para a 1ª prórroga co nº 2878/315 (2022) da Área de Política de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:

- Resolución da Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Contrato formalizado no mes de xullo de 2018 entre o Concello de Vigo e a mercantil “Segursystem Europa, SLU”, cos correspondentes pregos (PPT + PCAP), que forman parte integrante do mesmo (consta no Exp. nº 149705/301; trámite n.º 334).
- Escrito presentado no Rexistro xeral municipal o 13.01.2022 (Doc. n.º 220006888) polo representante de “Segursystem Europa, SLU”, D. Horacio Reyes Crespo, aceptando a prórroga do contrato (periodo 01.08.2022 – 31.07.2023).





## Concello de Vigo

### II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- [TRLCSPP (RDLEX.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público)].
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLEX.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

#### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado

obligatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

## III.2. PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E UBAS: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. De conformidade co disposto no Apdo. 2 da Disposición transitoria primeira da LCSP, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma rexeranse, no tocante ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público – TRLCSP).



## Concello de Vigo

III.2.2. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptuaba que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas.

III.2.3. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrencia para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.

III.2.5. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribía o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderían ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que podería preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquél, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos, e que as prórrogas non superasen, aillada ou coxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.2.6. O contrato formalizado en xullo de 2018 con “Segursystem Europa, SLU” é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de catro (4) anos desde a súa data de inicio. Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

A vixencia inicial deste contrato remata o 31.07.2022, polo que o acordo municipal para unha 1ª prórroga deberá producirse, necesariamente, con anterioridade a esa data.

III.2.7. Tanto a Xefatura do Servizo de CEDRO como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política de Benestar Social, consideran conveniente autorizar unha primeira (1ª) prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria, en xeral, a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de asegurar a continuidade deste servizo. Xustifícase a súa existencia na necesidade de garantir a seguridade tanto das persoas usuarias como dos/as traballadores/as de CEDRO e UBAS e das súas instalacións.

III.3. A primeira prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito en 2018, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación. Tampouco será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada.

III.4. O gasto representado por esta prórroga, que sería de 71.728,80 €, podería imputarse, agás indicación noutro sentido da Intervención xeral, á aplicación nº 3112.227.01.00 dos vixentes orzamentos municipais.

III.5. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.6. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e DA 2ª TRLCSP).

#### IV. CONCLUSIÓNS

Resultaría axustada a Dereito a proposta de prorrogar, por primeira vez e por un (1) ano máis, o contrato suscrito en 2018 polo Concello de Vigo coa entidade “Segursystem Europa, SLU”, toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato administrativo de servizos formalizado para a prestación do servizo de seguridade e vixilancia en CEDRO e UBAS permanecerán inalterables.
- d) Constan neste informe, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican a primeira prórroga proposta.
- e) Consta a aceptación formal do contratista.
- f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

#### V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL a adopción do seguinte,

##### «ACORDO

PRIMEIRO: Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.08.2022 e ata o 31.07.2023, o contrato de servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e UBAS adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 07.06.2018 á mercantil “Segursystem Europa, SLU” (CIF nº B-36562429), de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 71.728,80 € que representa esta primeira prórroga anual a favor de “Segursystem Europa, SLU”, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 3112.227.01.00, correspondendo 29.887€ ó exercicio de 2022 (01.08.2022 – 31.12.2022) e 41.841,80€ ó de 2023 (01.01.2023 – 31.07.2023).

TERCEIRO: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun



## Concello de Vigo

mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98)».

Con todo, a XGL decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(94).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA PROCEDENTE DE FONTES 100% RENOVABLES, EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 52008/444.**

Visto o informe de fiscalización do 14/02/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/02/2022, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 16 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

- 1º.- *“Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SUBMINISTRO DE ENERXÍA PROCEDENTES DE FONTES*

**100% RENOVABLES, EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.**

- 2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 10 de novembro de 2021.
- 3º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13 de decembro de 2021.
- 4º.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEIS MILLÓNS CINCOCENTOS SESENTA E DOUS MIL EUROS (6.562.000,00 €) sendo a partida correspondente ao IVE de UN MILLÓN CENTO TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (1.138.859,50 €)

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, nas seguintes aplicacións orzamentarias, as cales cumpren a condición de crédito suficiente e adecuado.

			Marzo/desembro (2022)	Xaneiro/febreiro (2023)	Total
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	75.000,00 €	25.000,00 €	<b>100.000,00 €</b>
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	2.980.000,00 €	1.000.000,00 €	<b>3.980.000,00 €</b>
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	15.700,00 €	<b>70.000,00 €</b>
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	440.000,00 €	210.000,00 €	<b>650.000,00 €</b>
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	540.000,00 €	210.000,00 €	<b>750.000,00 €</b>
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	737.000,00 €	275.000,00 €	<b>1.012.000,00 €</b>
			<b>4.826.300,00 €</b>	<b>1.735.700,00 €</b>	<b>6.562.000,00 €</b>

**Resumo anualidades:**

Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2022	4.826.300,00 €	3.988.677,69 €	837.622,31 €



## Concello de Vigo

2023	1.735.700,00 €	1.434.462,81 €	301.237,19 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.562.000,00 €</b>	<b>5.423.140,50 €</b>	<b>1.138.859,50 €</b>

5º.- *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de xaneiro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Total Vr_of</b>
1	IBERDROLA CLIENTES	1.388.846,56 €
2	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	1.499.366,65 €

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERDROLA CLIENTES (A-95.758.389), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Aneso I -FEC- (“deben estar incluídos na lista de comerciantes de electricidade publicada pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia na súa sede electrónica”).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERDROLA CLIENTES, o día 27 de xaneiro de 2022, que presenta a documentación requirida o 8 e 10 de febreiro de 2022, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de febreiro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IBERDROLA CLIENTES, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IBERDROLA CLIENTES, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula, de data 21 de xaneiro de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a IBERDROLA CLIENTES (A-95.758.389) o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 6.562.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.138.859,50 euros.*
- b) *Propón a redución dos prezos unitarios relacionados co consumo de enerxía para cada unha das tarifas e períodos que resultan das seguintes táboas:*

**$\Sigma$  Cah:** *Coeficiente aditivo horario.*

*Propón como  $\Sigma$  Cah\_of os seguintes valores para cada unha das tarifas e períodos de consumo:*

<b><math>\Sigma</math>Cah</b>						
<b>PERÍODOS</b>	<b>P1</b>	<b>P2</b>	<b>P3</b>	<b>P4</b>	<b>P5</b>	<b>P6</b>
<b>2.0TD</b>	0,5101	0,4034	0,3797			
<b>3.0TD</b>	0,5277	0,4597	0,4166	0,4419	0,4587	0,3780





## Concello de Vigo

<b>6.1TD</b>	0,4043	0,3918	0,3598	0,3872	0,4253	0,3547
--------------	--------	--------	--------	--------	--------	--------

**Cmh:** Coeficiente corrector multiplicador horario

Propón como **Cmh\_of** os seguintes valores para cada unha das tarifas e períodos de consumo:

Cmh						
PERÍODOS	P1	P2	P3	P4	P5	P6
<b>2.0TD</b>	1,4586	1,4673	1,4939			
<b>3.0TD</b>	1,4693	1,4800	1,4508	1,4406	1,4421	1,4942
<b>6.1TD</b>	1,3453	1,3465	1,3367	1,3320	1,3178	1,3600

**CG:** Custo de xestión establecido polo comerciante.

Propón como **CG\_of** o seguinte valor:

CG -coste xestión cent€/kWh	0,3
-----------------------------	-----

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(95).-PROPOSTA DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP). EXPTE. 6731/241.**

Dáse conta do informe-proposta do 14/02/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

PRIMERO: A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO: O concello de Vigo está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, o órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local do concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP)

ACORDA:

*“PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.*

*SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.*

*TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(96).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 18935/77.**

Visto o informe de fiscalización do 03/02/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/01/2022, asinado pola técnica de xestión, a técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” (G36928646) mediante escrito con rexistro de entrada do día 20/01//2022 (núm. Doc.:220014169), solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio no marco do Plan de Emprego que instrumentará a realización de 4 contratos laborais, xuntando a seguinte documentación:

- solicitude da Xunta Directiva da entidade para o inicio do convenio.
- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartados 2 e 3 da Lei de Subvencións de Galicia;



## Concello de Vigo

- declaración responsable de que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- certificación da secretaria da entidade acreditativa dos datos da presidenta, dona María Rosario Otero Rodríguez, que actúa con poder bastante para actuar en nome da asociación e para a sinatura do presente convenio.
- declaración responsable de non ter solicitadas nin concedidas outras axudas para a mesma finalidade
- declaración responsable que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- datos da titularidade da conta bancaria.
- Orzamento estimado de ingresos e gastos do proxecto subvencionado
- Programa de actividades

Polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, previa autorización da solicitante, se recaba a documentación que se indica:

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 24/01/2022
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 24/01/2022
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 24/01/2022.

II. A devandita asociación consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 870-04.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800007 "CONVENIO EMPREGO COA REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS", cunha dotación de 50.000,00 €.

IV. En data 20 de xaneiro de 2022, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, resolveu iniciar o expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, expídese certificación de data 24/01/2022, do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VI. A técnica de Administración Xeral, por encomenda temporal de funcións de 25/11/2021, co conforme do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, achega memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" (G36928646), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para

aprobación, no marco do plan municipal de emprego para a contratación de catro postos de traballo (1 Licenciada en dereito cunha xornada do 75,00%, 1 Administrativa cunha xornada do 100%, 1 Diplomada en Traballo Social cunha xornada do 50,00 %, 1 Licenciada en Psicoloxía cunha xornada do 100%) desde o 01/02/2022 ata o 30/09/2022 para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

## **II. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:**

Por unha parte, asinará o presente convenio o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, segundo decreto de delegación de competencias de 18/06/2019, e modificacións posteriores.

Pola outra parte, asinará o convenio dona María Rosario Otero Rodríguez, con DNI 36012710T, en calidade de presidenta da asociación.

## **III. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Xustifícase a competencia municipal con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

Cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.



## Concello de Vigo

### III. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2022, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de febreiro de 2022 e o 30 de setembro de 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

### IV. Contía total e crédito orzamentario:

Tendo en conta a necesidade de mellorar e dinamizar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, ademais do coñecemento da situación destas mulleres, e sendo a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" a única entidade sen ánimo de lucro rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato, xustifica a concesión deste convenio de xeito directo, por un importe total de **48.919,46 €** (48.196,51 € de custes salariais e 722,95 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) con cargo á partida 2410 4800007 "Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022, co obxecto de coadruar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto **(01/02/2022 ao 30/09/2022)**.

Incorpórase unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os/as traballadores/as directa ou indirectamente beneficiarios/as da subvención que se pretende conceder a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo e o Concello de Vigo.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

## **V. Normativa de aplicación:**

A teor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



## Concello de Vigo

### **VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Explicítase no pacto décimo a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VII. Publicidade:**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

### **VIII. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 19/06/2015, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, e modificacións posteriores, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

1. Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", con CIF: G36928646 sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.
2. Autorizar o gasto de **48.919,46 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800007 "Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022.
3. É competente para asinar o citado convenio o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, Abel Fermín Losada Álvarez.
4. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia





## Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil vinte e dous

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL),

Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI \*\*\*\*\*710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en asemblea celebrada o 17 de outubro de 2019, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Actúan no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO:** Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, para a

potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que fosen xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei...”

Deste xeito, o Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratacións por entidades sen ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

**SEGUNDO:** Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, propón a contratación de 4 profesionais para a realización de actividades de fomento, orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades propostas pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de atención primaria de saúde, a prestación dos servizos sociais e de promoción, así como, da reinserción de colectivos desfavorecidos.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”

## **MANIFESTAN**

I.- - Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:



## Concello de Vigo

2. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante:
  1. O fomento da autoestima.
  2. A potenciación da personalidade.
  3. A transmisión de modelos sociais igualitarios.
  4. O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
  5. Transmitir modelos sociais igualitarios.
  6. Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
  7. Identificar a violencia de xénero
3. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
4. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
5. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
6. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de asociacións, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sen esquecer a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de decembro de 2021, segundo as publicacións realizadas pola comunidade autónoma (Instituto Galego de Estatística):

Paro rexistrado:

CONCELLO	TOTAL DEEMPREGADOS/AS	MULLERES	HOMES
VIGO	21.426	12.228	9.199

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios.

Ante as novas necesidades xurdidas pola crise sanitaria xerada polo Covid-19 e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, especialmente en determinadas situacións de vulnerabilidade social e económica, debe facerse fincapé nas dificultades que atravesan as mulleres vítimas de violencia de xénero, mais acentuadas aínda no actual contexto, tendo en conta, entre outras circunstancias, as restricións á mobilidade, as obrigas de confinamento, e as limitacións das reunións ou contactos sociais, que poden acentuar, mais si cabe aínda, a súa fragilidade e indefensión, polo que, a súa protección e acompañamento debe ser obxecto dunha atención especial e prioritaria por parte das distintas administracións públicas.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de concesión de subvención nominativa.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación, o coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

**V.-** Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, coa contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2021, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:

1. Facilitar a reincorporación social mediante información, motivación e asesoramento, e formación de acordo cos intereses e capacidades persoais.



## Concello de Vigo

- a) Fomentar a autoestima e a confianza necesarias para que as mulleres sexan protagonistas activas do seu proceso de ruptura cos malos tratos.
  - b) Potenciar as características persoais favorables .
  - c) Identificar a violencia de xénero.
  - d) Diminuír as consecuencias da violencia de xénero.
  - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
  - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola Rede.
  - g) Valorar e respectar o mundo emocional e fomentar o bo trato nas relacións afectivas e sociais.
  - h) Fomentar o coñecemento mutuo e o traballo conxunto de organizacións de mulleres que traballan en Galicia de cara a acadar a igualdade real entre mulleres e homes dende a perspectiva de xénero.
  - i) O acompañamento social integral a mulleres en procesos de violencia, minimizar os danos psicolóxicos, físicos e sociais das mulleres en procesos de violencia machista, a través do empoderamento e da práctica feminista, da información dos procedementos e dos servizos e do acompañamento no seu proceso de recuperación psico-social e laboral.
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
  3. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais (xénero e violencia de xénero) aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade
  4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
  5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.
  6. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario ou secretaria da asociación certificará a súa publicación dos postos a contratar.
  7. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
  8. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  9. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellaría de Cultura e Emprego como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
  10. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
  11. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
  12. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

13. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

14. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
3. Conceder directamente á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos unha subvención total por importe de **48.919,46 €** (48.196,51 € de custes salariais e 722,95 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións imputaranse con cargo á partida 2410 4800007 "Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade



## Concello de Vigo

subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura e Emprego

**Oitavo.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

### **Noveno.- SELECCIÓN DE PERSOAL POLA ENTIDADE BENEFICIARIA DA AXUDA**

A entidade beneficiaria deberá realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, 5 días antes da realización da selección mediante os seguintes medios:

- a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade
- b) Inserción na páxina web municipal “Asociacións en rede” (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido polo servizo. De non estar de

alta na mesma, será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico [ofi.emprego@vigo.org](mailto:ofi.emprego@vigo.org)

c) Exposición da convocatoria pública da oferta de emprego no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e no Centro de Iniciativas de Emprego, no formato establecido polo servizo, que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico [ofi.emprego@vigo.org](mailto:ofi.emprego@vigo.org).

O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.

Unha vez efectuada a convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), b) e c), a entidade remitirá **a través da sede electrónica do Concello de Vigo** a proposta de contratación xunto coa documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, tal e como se indica a continuación:

a) Certificado do/a secretario/a da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.

b) Certificado do/a secretario/a da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes.

c) DNI, tarxeta de demanda de emprego, certificado de empadramento e currículo das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houbera.

d) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

Logo do exame da documentación achegada pola entidade, o servizo emitirá un informe no que se verifique o cumprimento dos requisitos establecidos para proceder á contratación

**Décimo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **30 de outubro de 2022**.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A beneficiaria achegará copias electrónicas da documentación complementaria e responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En concreto, a beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos para a xustificación dos fondos recibidos:





## Concello de Vigo

**1º) Declaración responsable asinada** electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

**2º) Memoria de actividades** realizadas asinada electronicamente, de conformidade co proxecto achegado xunto coa solicitude de convenio, no que fundamentaron a concesión da subvención.

**3º) Memoria económica** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número de factura** e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegárase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

– As retribucións de persoal xustificáranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

–A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

**4º) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

**5º)** Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito inabitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de febreiro e o 30 de setembro de 2022**.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo persoal de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.



## Concello de Vigo

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

**Décimo sétimo.-** A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**Décimo oitavo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo noveno.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2022.

## **7(97).-SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE A PEDRA DE AMPLIACIÓN DOS EPÍGRAFES DE ACTIVIDADES AUTORIZADAS NA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO MERCADO MUNICIPAL. EXPTE. 20842/240.**

Dáse conta do informe-proposta do 24/01/2022, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

1. LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).
2. LPAP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
3. LPACAP (Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).
4. LCSP (Lei 9/2017 de 8 novembro, de Contratos do Sector Público ).
5. Instrucción IAE (Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrucción do imposto sobre actividades económicas).
6. RBEL (Decreto de 27 de maio de 1955, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).
7. Prego de cláusulas administrativas particulares polas que se rixe a concesión administrativa para o aproveitamento privativo do inmovible chamado “MERCADO DA PEDRA”, aprobado por acordo plenario de 29 de maio do 2000.

### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

PRIMEIRO.- Polo Xerente da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE A PEDRA solicitouse, en data 15.09.2021, a ampliación dos epígrafes de actividades autoriza-



## Concello de Vigo

das no MERCADO MUNICIPAL DE A PEDRA co fin de permitir unha maior dinamización da actividade nel desenvolta, permitindo o desenvolvemento de actividades de servizos correspondentes aos epígrafes 821,822,823,831,832,833,834,841,842,843,844,849,851,852,853,854,861,922,932,972,973,982.

Ditos epígrafes correspondense cos seguintes grupos, dacordo coa Instrución do IAE (RDLexislativo 1175/1990):

**Grupo 821.** *Entidades Aseguradoras de Vida y Capitalización*

**Grupo 822.** *Entidades Aseguradoras de Enfermedad y Riesgos Diversos.*

**Grupo 823.** *Otras Entidades Aseguradoras (Montepíos, Caja de Pensiones, etc.)*

**Grupo 831.** *Auxiliares Financieros.*

**Grupo 832.** *Auxiliares de Seguros.*

**Grupo 833.** *Promoción Inmobiliaria.*

**Grupo 834.** *Servicios Relativos a la Propiedad Inmobiliaria y a la Propiedad Industrial.*

**Grupo 841.** *Servicios Jurídicos.*

**Grupo 842.** *Servicios Financieros y Contables.*

**Grupo 843.** *Servicios Técnicos (Ingeniería, Arquitectura, Urbanismo, etc.)*

**Grupo 844.** *Servicios de Publicidad, Relaciones Publicas y Similares.*

**Grupo 849.** *Otros Servicios Prestados a las Empresas N.C.O.P.*

**Grupo 851.** *Alquiler de maquinaria y equipo agrícola*

**Grupo 852.** *Alquiler de maquinaria y equipo para la Construcción.*

**Grupo 853.** *Alquiler de Maquinaria y Equipo Contable, de Oficina y Cálculo Electrónico.*

**Grupo 854.** *Alquiler de Automóviles sin Conductor.*

**Grupo 861.** *Alquiler de Bienes Inmuebles de Naturaleza Urbana.*

**Grupo 922.** *Servicios de Limpieza.*

**Grupo 932.** *Enseñanza no Reglada de Formación y Perfeccionamiento Profesional y Educación Superior.*

**Grupo 972.** *Salones de Peluquera e Institutos de Belleza.*

**Grupo 973.** *Servicios Fitográficos, Máquinas Automáticas Fonográficas y Servicios de Fotocopias.*

**Grupo 982.** *Tómbolas, espectáculos y juegos, así como comercio sí por menor y servicios de restauración, propios de ferias y verbenas, organización y celebración de apuestas deportivas, loterías y otros juegos.*

**SEGUNDO.-** O Pleno Municipal, en sesión celebrada o 29 de maio do 2000, aprobou definitivamente o prego de clausulas administrativas particulares que rexiron o concurso público convocado para a adxudicación da concesión administrativa de aproveitamento privativo do inmovible chamado "MERCADO DA PEDRA", sito na praza da Pedra, de Vigo, resolvendose mediante a súa adxudicación á "Asociación de Comerciantes del Mercado de la Piedra de

Vigo”, por acordo plenario do 31 de agosto do 2000, con arranxo a dito prego de condicións e a oferta presentada.

Concesión administrativa formalizada en escritura pública otorgada en data 20 de outubro do 2000, baixo o nº 3008 do protocolo do Notario D. Jose Antonio Somoza Sanchez.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**PRIMEIRO.-** O Prego de clausulas administrativas particulares que rixe a concesión administrativa outorgada a “Asociación de Comerciantes del Mercado de la Piedra de Vigo”, establece na súa Clausula I. OBXETO, que:

*O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas que rexerán a adxudicación, en rexime de concesión administrativa, do aproveitamento privativo, mediante xestión, instalación e explotación de actividades comerciais, da edificación sita no subsolo da Praza da Pedra onde se empraza o chamado "Mercado da Pedra", mercado tradicional-turístico, que ven dar renome dentro e fora das fronteiras, tal e como se pon de manifesto no escrito da Concellería de Turismo e Comercio de data 02.02.2000 que se achega ó expediente.(...)*

*As actividades comerciais que poderan instalarse e desempeñarse no mercado, corresponderán unicamente con algunhas das minoristas previstas e reguladas nos grupos 644, 645, 646 (agás epígrafes 1,2 e 3), 647 (agás epígrafes 2 e 4), 651 (agás epígrafe 5), 652 (agás epígrafe 1), e 653 (agás epígrafes 2,4,5 e 6), 656, 659 (agás epígrafes 2,3,7 e 8), 672, 673 e 675 das tarifas do imposto de actividades económicas.*

Asi mesmo establececese na Clausula VIII. FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN, que :O Concello ostentará, sen prexuízo das que legalmente ou regulamentariamente procedan, as seguintes facultades:(...)

*d) A de interpreta-lo contrato, resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e determina-los seus efectos.*

Finalmente, na súa Clausula XXI REXIME XURIDICO, dispoñe que: *O contrato ten carácter administrativo, no non previsto no presente prego, estarase ó disposto na L.7/85 de Bases de Rexime Local, L. 5/97 da Administración Local de Galicia, RDL 781/86 Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Rexime Local, L. 13/95 de Contratos das Administracións Publicas, RD 1372/86 de Bens Entidades Locais, e demais disposicións de aplicación.*

**SEGUNDO.-** A ampliación de actividades solicitadas, a desenvolver no mercado da Pedra, segundo os Epígrafes referidos pola concesionaria, correspondense coas agrupacións 82. Seguros; agrupación 83. Auxiliares financeiros e de seguros. Actividades inmobiliarias; agrupación 84. Servizos prestados as empresas; agrupación 85. Aluguer de bens mobeis; agrupación 86. Aluguer de bens inmobles; agrupación 92. Servizos de saneamento, limpeza e similares; agrupación 93. Educación e investigación; agrupación 97 Servizos personais; e agrupación 98 Parques de recreo, feiras e outros servizos relacionados có espectáculo. Organización de congresos. Parques ou recintos feirais.



## Concello de Vigo

Na medida que a incorporacion destas actividades afecta ó obxeto da concesión, supoñe unha modificación das condicións nas que foi otorgada e polo tanto a determinación da súa procedencia consonte ao previsto no prego de condicións administrativas polo que se rixe e normativa de aplicación, debendo atender, entre outras cuestións, o contido e natureza da modificación proposta, a súa previsión no prego, e o interese público concurrente.

**TERCEIRO.-** Cabe sinalar que o prego de condicións non contempla no seu clausulado a posible modificación da concesión, nin a regula polo tanto, limitándose a facer unicamente mención á mesma como unha prerrogativa municipal que deberá responder a razóns de interese público.

Por outra banda, a Lei de Contratos do Sector Público configura a modificación dos contratos como unha prerrogativa da administración que atende a razóns de interese público, prevista no art 190 d, para cuio exercicio deberase seguir o procedemento disposto no art. 191, e nos casos e na forma regulada na subsección cuarta, sección terceira, do capítulo I, Título I do Libro Segundo da LCSP (arts. 203 e seguintes).

Dacordo coa mesma, os contratos administrativos poderán modificarse durante súa vixencia cando se dé algun dos seguintes supostos:

- a) Cando así estea previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións dispostos no art. 204 da LCSP.
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que este prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, cumprindo as condicións establecidas no art. 205.

Neste senso, o art. 205 da LCSP require do cumprimento de dous requisitos para a viabilidade da modificación:

- a) Que súa xustificación se base en algun dos supostos previstos: Necesidade de engadir obras, suministros ou servizos adicionais; circunstancias sobrevenidas e imprevisibles no momento da licitación; ou se trate de modificacións non substanciais.

- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxetiva que a faga necesaria.

Polo tanto, a modificación solicitada pola concesionaria, ó non atoparse prevista nin regulada nas condicións da concesión, deberá adecuarse a ditos presupostos legais e, en todo caso, responder a un interese público debidamente xustificado e así considerado pola administración municipal concedente.

**CUARTO.-** A teor disto, podense extraer as seguintes consideracións no que atinxe á proposta de ampliación formulada:

- O Mercado da Pedra, configúrase como un *mercado tradicional-turístico, que ven dar renome dentro e fora das fronteiras*, tal e como se sinala na cláusula I. Obxeto do Prego de cláusulas administrativas particulares que rixe a concesión. Neste senso,

se valorou entre outros aspectos, como criterio para a adxudicación da concesión, a compatibilidade e congruencia do proxecto de explotación deste co carácter tradicional e turístico do mercado. Así mesmo, o prego limita as actividades comerciais a instalar e desenvolver no mercado, sinalando que unicamente *corresponderan con algunhas das minoristas previstas e reguladas nos grupos 644, 645, 646 (agás epígrafes 1,2 e 3), 647 (agás epígrafes 2 e 4), 651 (agás epígrafe 5), 652 (agás epígrafe 1), e 653 (agás epígrafes 2,4,5 e 6), 656, 659 (agás epígrafes 2,3,7 e 8), 672, 673 e 675 das tarifas do imposto de actividades económicas.*

- A posible ampliación das actividades autorizadas na concesión administrativa, non prevista no prego de condicións, supoñe unha modificación substancial desta, na medida de que afecta ao seu obxecto, ampliando de xeito considerable o contido das actividades a desenvolver noutro ámbito (o de prestación de servizos a empresas), circunstancia que de haberse contemplado inicialmente no prego, podería ter alterado as condicións da licitación, aperturando ó posible interese doutros licitadores na adxudicación da concesión.

Noutro orde, cabe reseñar que ditas actividades de servizos propostas (seguros, financeiros, aluguer de bens mobles/inmóbles, de saneamento e limpeza, e outros prestados a empresas, etc), en modo algun responden ó comercio minorista do mercado tradicional-turístico referido na concesión e a cuxa finalidade atende.

- A modificación dos termos da concesión queda circunscrita, polo tanto, a unha facultade da administración que responda a razóns de interese público. Circunstancia que no presente caso non estimase que concurra, nin se pode deducir do escrito presentado pola concesionaria, limitándose a sinalar por toda xustificación a maior dinamización da actividade desenvolvida no mercado, sen entrar en cuestións como a súa congruencia e compatibilidade co carácter tradicional e turístico deste, ou motivar o interese público que persegue coa ampliación proposta.

Consecuentemente, de acordo co exposto, procede desestimar a solicitude formulada pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE A PEDRA (titular da concesión administrativa de aproveitamento privativo do inmovible chamado "MERCADO DA PEDRA"), para a ampliación dos epígrafes de actividades autorizadas no Prego de cláusulas administrativas particulares pola que se rixe dita concesión.

**QUINTO.-** Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

**"UNICO.-** Denegar a ampliación dos epígrafes de actividades autorizadas no Mercado Municipal de A Pedra, solicitada en data 15.09.2021, polo Xerente da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE A PEDRA, ó supoñer unha modificación substancial da concesión administrativa otorgada e non concurrir un interese público que a xustifique."





**Concello de Vigo**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(98).-APROBACIÓN DO PROXECTO “8º PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA”. EXPTE. 10653/307.**

Dáse conta do informe-proposta do 08/02/2022, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 5 de novembro de 2021, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o VIII PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, coa finalidade de “contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic...”

A Concelleira de Patrimonio Histórico acordou contratar (exp. 10636-307) á arquitecta técnica Xiana Alonso Población a redacción do proxecto que servirá de base para a contratación do desenvolvemento do VIII Programa de medianeiras, no que se estima orzamentariamente o custe do acondicionamento de cada espazo; a valoración económica das actuacións previas á intervención dos artistas; a estimación dos medios auxiliares para as actuacións; cálculo e valoración do material a empregar por cada artista; así como aqueles elementos necesarios para iniciar o proceso licitador encamiñado á contratación das diferentes actuacións encamiñadas ao pintado dos espazos obxecto do programa.

Os gastos de execución de dito proxecto detraeranse da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS, do orzamento municipal para o ano 2022, segundo Resolución de Alcaldía de 18 de xaneiro de 2022 (RC 7286).

Por outra banda, acompáñase ao expediente o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras de 7 de febreiro de 2022.

Deste xeito, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- APROBAR O PROXECTO DO 8º PROGRAMA DE PINTADO MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS SOBRE A VÍA PÚBLICA, redactado pola arquitecta técnica Xiana Alonso Población.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(99).- BASES ESPECÍFICAS REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE TRES BOLSAS DE EMPREGO QUE PERMITAN O NOMEAMENTO INTERINO COMO TÉCNICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, TÉCNICO DE XESTIÓN E AXENTE DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. EXPTE. 38906/220.**

Visto o informe de fiscalización do 08/02/2022, dáse conta do informe-proposta do 28/01/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución 27/01/2021) e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 15 de setembro, acordou aprobar o I Plan de Igualdade do Persoal ao servizo do Concello de Vigo;

Para poder acadar os obxectivos establecidos no mesmo, integrar transversalmente o principio de igualdade nas actuacións do concello de Vigo así como eliminar obstáculos que impidan ou dificulten a igualdade efectiva de mulleres e homes é necesario persoal adecuado ao efecto das seguintes categorías:

- Técnico de prevención de riscos laborais
- Técnico de xestión
- Axente de igualdade de oportunidades

II.- Mediante instrución de servizo de data 30/11/2021 a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, ordena incoar *“expediente administrativo para a selección de persoal interino coas categorías profesionais indicadas, todas elas do subgrupo A2 de titulación, mediante a convocatoria, polo sistema legalmente procedente, de proceso de selección para a xeración de listas de reserva, a fin de dar resposta ás necesidades derivadas do plan de igualdade, nos termos que procedan consonte ao establecido no marco normativo referencial de aplicación”*.

III.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/07/2021 procedeuse á aprobación da revisión dos “Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego”, cuxo punto I prevé que “con carácter excepcional, en determinadas categorías de administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.”

IV.- Consta no expediente escrito asinado pola xefatura de igualdade en relación aos requisitos e méritos específicos que valora adecuados en relación á categoría do posto de Técnica/Técnico en Igualdade ou axente de igualdade de oportunidades para a selección de persoal interino do programa “Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo”.



## Concello de Vigo

V.- En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

#### **I.- CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE OS FUNCIONARIOS INTERINOS NO MARCO NORMATIVO REFERENCIAL DE APLICACIÓN**

Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaoto meses (apartado d); a substitución transitoria do titular da praza (apartado b); a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c); e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable o réxime xeral dos funcionarios de carreira en canto sexa adecuado á natureza da súa condición temporal e ao carácter extraordinario e urxente do seu nomeamento, salvo aqueles dereitos inherentes á condición de funcionario de carreira.

Consonte ás Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente a área ou servizo solicitante, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a

previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Os aspectos relacionados no presente apartado deberán expoñerse no expediente de nomeamento de persoal interino que da selección proposta poda derivarse.

## **II.- SOBRE A MOTIVACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN E SISTEMA SELECTIVO OBXECTO DE PROPOSTA E AS NECESIDADES CONCORRENTES NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/07/2021 procedeuse á aprobación da revisión dos “Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego” en cuxo punto I contéplase que *“con carácter excepcional, en determinadas categorías de administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.”*

No presente suposto, consta a ausencia de listas de reserva vixentes con persoas en condición de ser nomeadas, nas concretas categorías profesionais especializadas.

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 15 de setembro, acordou aprobar o I Plan de Igualdade do Persoal ao servizo do Concello de Vigo;

Para poder acadar os obxectivos establecidos no mesmo, integrar transversalmente o principio de igualdade nas actuacións do concello de Vigo así como eliminar obstáculos que impidan ou dificulten a igualdade efectiva de mulleres e homes é necesario persoal adecuado ao efecto das seguintes categorías:

- Técnico de prevención de riscos laborais
- Técnico de xestión
- Axente de igualdade de oportunidades

Por tanto, a urxencia na garantía da prestación do servizo público aconsella, conforme aos Criterios de xestión das listas de reserva actualmente vixentes, o recurso ao sistema selectivo do concurso, ao tratase de categorías profesionais encadradas na Escala de Administración Especial, Subescala técnica, clase media, cun perfil de coñecemento técnico altamente especializado, consonte aos criterios de xestión das listas aprobados por Xunta de Goberno Local.

**III.-** Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houbese, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

É mester como **requisitos específicos** para o desempeño do posto de traballo de:



## Concello de Vigo

- Técnico de prevención de riscos laborais
- Técnico de xestión
- Axente de igualdade de oportunidades

- **Técnico de prevención de riscos laborais:** estar en posesión de:

. títulos de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico, FP3 ou equivalente.

. formación especializada en técnico superior prevención riscos laborais, especialidades seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonomía, psicopsicología.

- **Técnico de xestión:** estar en posesión de:

. título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico, FP3 ou equivalente.

- **Axente de Igualdade de oportunidades:** estar en posesión de calquera das seguintes titulacións ou súas equivalencias:

. diplomado en relacións laborais, diplomado en xestión e administración pública, diplomado en traballo social, diplomado en filoloxía galega, diplomado en filosofía, diplomado en publicidade e relacións públicas, diplomado en periodismo, diplomado en comunicación audiovisual, diplomado en belas artes, diplomado en antropoloxía social e cultural, diplomado en pedagogía, diplomado en psicopedagogía, diplomado en educación social, grado rama ciencias sociais e xurídicas, ou grado rama arte e humanidades ou equivalente.

. coñecementos en xénero ou igualdade de oportunidades.- Estar en posesión de estudos de posgrao/master universitario oficial relacionados coas funcións propias da praza (Planes de Igualdade, Igualdade e/ou Xénero), agás no caso do estar en posesión do grao en Igualdade en cuxo caso non será necesario.

Para poder desenvolver o programa é preciso estar en posesión de estudos de posgrao/master universitario oficial relacionados coas funcións propias da praza (Planes de Igualdade, Igualdade e/ou Xénero), agás no caso do estar en posesión do grao en Igualdade en cuxo caso non será necesario.

**Ademais de elo, para as tres categorías profesionais:**

-**Experiencia profesional, coñecementos e formación especializada nos respectivos ámbitos:** consonte ao establecido no Anexo I inseparable ao presente acordo.

Como **requisitos xerais** para o acceso contémlanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

#### **IV.- SOBRE OS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: RÉXIME XURÍDICO.**

O marco normativo regulador dos órganos de selección de persoal das Administracións Públicas esixe o preceptivo axuste dos mesmos á configuración legal esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do TREBEP, e no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do citado TREBEP establece que:

*“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.*

*2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.*

*3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”*

Pola súa banda, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón que:

*“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.*



## Concello de Vigo

2. *En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:*

- a) *El personal de elección o de designación política.*
- b) *El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) *El personal eventual.*
- d) *Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

3. *La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.*

4. *Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.*

5. *Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.*

6. *La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.*

7. *Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”*

Asimismo, o artigo 10.2 do propio TREBEP establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles, que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

### **V.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

2. *El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) *La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) *La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) *La intervención material del pago.*
- d) *La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

## **VI. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

## **VII.- PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar as bases específicas reitoras dos procesos selectivos para a formación de bolsa de emprego de Técnico prevención riscos laborais, Técnico de xestión, Axente de igualdade de oportunidades (todas enmarcadas no grupo A subgrupo A2, escala admon. especial), que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; bases contidas no ANEXO I do presente acordo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, para público e xeral coñecemento.

**Segundo.-** Ordenar que se proceda á convocatoria pública dos procesos selectivos para a formación de dúas Bolsas de Emprego:

- 1.- Técnico prevención riscos laborais,
- 2.- Técnico de xestión,
- 3.- Axente de igualdade de oportunidades

**Terceiro.-** Habilitar expresamente á Concellería-delegada competente en materia de persoal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegacións competenciais efectuadas en Decreto da Excma. Alcaldía e Acordos XGL de datas 16/04/2021 e 22/04/2022.





## Concello de Vigo

**Carto.-** Notificar o presente acordo ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao persoal da oficina administrativa asignado á actividade de emprego público, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación:

-Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso- administrativo.

-Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

### **ANEXO I**

BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE TRES BOLSAS DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, COMO TÉCNICO DE PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS, TÉCNICO DE XESTIÓN, E AXENTE DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

#### **I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación de tres bolsas

- 1.- Técnico de prevención riscos laborais,
- 2.- Técnico de xestión,
- 3.- Axente de igualdade de oportunidades,

Todas elas enmarcadas no grupo A, subgrupo A2, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

#### **II.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL**

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e manter ata o momento do correspondente nomeamento os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico de:

**- Técnico de prevención de riscos laborais:**

. títulos de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico, FP3 ou equivalente.

. formación especializada en técnico superior prevención riscos laborais, especialidades seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonomía, psicopsicología.

**- Técnico de xestión:**

. título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico, FP3 ou equivalente.

**- Axente de Igualdade de oportunidades:** estar en posesión de calquera das súas titulacións ou súas equivalencias:

. diplomado en relacións laborais, diplomado en xestión e administración pública, diplomado en traballo social, diplomado en filoloxía galega, diplomado en filosofía, diplomado en publicidade e relacións públicas, diplomado en periodismo, diplomado en comunicación audiovisual, diplomado en belas artes, diplomado en antropoloxía social e cultural, diplomado en pedagogía, diplomado en psicopedagogía, diplomado en educación social, grado rama ciencias sociais e xurídicas, ou grado rama arte e humanidades ou equivalente.

. Formación en xénero ou igualdade de oportunidades.- Estar en posesión de estudos de posgrao/master universitario oficial relacionados coas funcións propias da praza (Planes de Igualdade, Igualdade e/ou Xénero), agás no caso do estar en posesión do grao en Igualdade en cuxo caso non será necesario o posgrao/master.



**Concello de Vigo**

**Ademais de elo, para as tres categorías profesionais:**

**- Experiencia profesional, coñecementos e formación especializada nos respectivos ámbitos:** para formar parte da bolsa é preciso obter un punto como mínimo na valoración de méritos.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial e no seu caso formación especializada (no caso de técnico de prevención de riscos laborais e axente de igualdade de oportunidades), contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade cos postos de traballo asociados ás prazas de Técnico prevención riscos laborais, Técnico de xestión, Axente de igualdade de oportunidades,.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

### **III.-SISTEMA DE SELECCIÓN**

O sistema de selección para estas bolsas de traballo será o de concurso, segundo a previsión dos criterios de xestión de listas de reserva (acordo XGL 16/07/2021), consistindo valoración de méritos segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

#### **IV.- VALORACIÓN DE MÉRITOS**

##### **A.- PROCESOS SELECTIVOS SUPERADOS.- ATA UN MÁXIMO DE 20 PUNTOS**

Superación nos últimos 6 anos, contados dende a data de finalización de presentación de solicitudes, de procesos selectivos celebrados para o acceso como persoal funcionario (de carreira ou interino) na praza de Técnico prevención riscos laborais, Técnico de xestión, Axente de igualdade de oportunidades, (cada unha para a súa respectiva convocatoria) en procesos selectivos convocados por calquera das Administracións públicas territoriais.

Cada proceso selectivo valorarase con 10 puntos.

##### **B.- EXPERIENCIA PROFESIONAL .- ATA UN MÁXIMO DE 10 PUNTOS**

**1-** 0,30 puntos por cada mes completo de servizos presentados nos últimos 8 anos, contados dende a data de finalización de presentación de solicitudes en funcións de Técnico prevención riscos laborais, Técnico de xestión, Axente de igualdade de oportunidades, (cada unha para a súa respectiva convocatoria) en calquera Administración Pública.

Estos servizos prestados se acreditarán mediante certificación da administración correspondente. Non se terá en conta a fracción inferior a un mes.

**2.-** 0,10 por cada mes completo de servizos presentados nos últimos 8 anos, contados dende a data de finalización de presentación de solicitudes en funcións de Técnico prevención riscos laborais, Técnico de xestión, Axente de igualdade de oportunidades, (cada unha para a súa respectiva convocatoria) en empresas privadas e en traballo por conta propia , análogo ás prazas obxecto destas bases.

Estes servizos acreditaranse mediante informe de vida laboral ou certificación de cotizacións expedidas pola Seguridade Social, acompañada inexcusablemente do certificado ou informe da empresa correspondente ou contratos de traballo ou nóminas onde conste o tempo traballado e o posto de traballo ocupado.

##### **C.- FORMACIÓN ACADÉMICA.- ATA UN MÁXIMO DE 5 PUNTOS**

Por estar en posesión de titulación de Máster universitario oficial e/ou Doutorados relacionados coas funcións propias da praza, sempre que a mesma non fose requisito para o acceso á praza: 5 puntos.



## Concello de Vigo

### **D.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA.- ATA UN MÁXIMO DE 2 PUNTOS**

Por participación en cursos impartidos por Administracións Públicas ou outros organismos oficiais competentes (colexios oficiais, etc) nos últimos 10 anos.

- Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 1,00 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,80 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,50 puntos.
- Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,25 puntos.

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación.

Para que os cursos poidan ser avaliados deberán ter relación directa coas funcións da praza.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante que teña máis puntos por este orden (exames aprobados, experiencia profesional, formación académica, formación complementaria). En caso de persistir o empate resolveranse por sorteo.

**GALEGO.-** Os/as aspirantes, con carácter previo á toma de posesión, deberán acreditar estar en posesión do título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I.

A posesión do título referido, deberá comunicarse no prazo regulamentario de presentación de instancias.

O/a aspirante que non o acredite previamente á toma de posesión, deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Unha vez rematada a valoración e sumadas as cualificacións correspondentes, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

### **V.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN**

As **solicitudes** dirixírase á Excm. Alcaldía-Presidente do Concello de Vigo e presentárase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **10 días hábiles** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental"), así como **xustificación documental dos méritos aportados**.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986.22.52.26 ou ao correo electrónico [ofi.persoal@vigo.org](mailto:ofi.persoal@vigo.org).

## VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello así como na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

## VII.- ÓRGANOS DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ningún. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:



## Concello de Vigo

-Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo ou do seu organismo autónomo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, pertencente á subescala de Secretaría, subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios/as serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na web do Concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo, ou do seu organismo autónomo, encadrados/as no subgrupo A2 de titulación ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar nos procesos selectivo convocado, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos pola Área de RRHH e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada competente en materia de persoal, previa verificación técnica do cumprimento dos requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e paridade contemplados na normativa vixente. A súa designación corresponde á Xunta de Goberno Local consonte ao previsto na normativa vixente en materia de réxime local, podendo delegar de forma expresa esta facultade na Concellería-delegada competente en materia de persoal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así

mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a de carreira adscrito/a Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, que desenvolverá tarefas administrativas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo, non podendo estar presente nas deliberacións do órgano de selección. No caso de requirir a presenza indicada, deberá deixarse constancia expresa na acta das causas motivadoras da necesidade de recurso ao dito efectivo, que en todo caso será designado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada da Área competente en materia de persoal.

Os membros do órgano de selección, os asesores/as que se podan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de cinco anos.

Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 16/07/2021, segundo o cal:





## Concello de Vigo

*“- A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá na lista de reserva na que renuncian, como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) Nos chamamentos efectuados no procedemento xeral; a primeira renuncia implicará que a persoa aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A segunda renuncia, implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*b) Nos chamamentos no procedemento de extrema urxencia, a segunda renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A terceira renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*- Cando unha persoa renuncia iniciado un nomeamento co Concello de Vigo, a penalización é a mesma que no caso de que renunciara a un chamamento sen xustificación algunha, é dicir, pasa ao final da lista, si é a primeira vez, e si fora a segunda, sería expulsado da mesma. Ademais tamén queda desactivado automaticamente e corre por súa conta a solicitude de reactivación.*

*- Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- 1.- Permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- 2.- Incapacidade temporal (IT);*
- 3.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública; ou ben no sector privado*
- 4.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*
- 5.- Coidado de fillo menor de 3 anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, a contar dende a data de nacemento ou resolución xudicial ou administrativa.*
- 6.- Violencia de xénero.*
- 7.- Coidado de familiar de ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente o enfermidade non poda valerse por sí mesmo e non desenvolva actividade retribuída, por un prazo máximo de tres anos.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante:*

- 1.- Acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; 2.- Parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino;
- 3.- Certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social;
- 4.- Certificado de nacemento de fillo;
- 5.- Sentenza ou resolución condenatoria por un delito de violencia de xénero, ou orde de protección;
- 6.- Libro de familia, situación de pensionista ou incapacidade, e informe médico que acredite a dependencia.

Nestes casos as persoas conservan a súa posición, pero serán desactivadas temporalmente, por un prazo máximo de tres anos, debendo comunicar a finalización das causas para volver a ser activadas.

As persoas son desactivadas para todos os chamamentos de interinidade por acumulación de tarefas. Non para o caso dun chamamento para cubrir unha vacante o para a execución dun programa temporal. Se lles chama aínda que estean desactivados.

- Serán excluídos/as das bolsas os/as integrantes destas que así o soliciten.

- As persoas que renuncian no caso de ofrecemento de nomeamentos de categoría inferior a que corresponda pola lista de reserva, conservan a posición na lista e non son desactivadas."

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

### **VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

### **IX.- INCIDENCIAS**

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; a efectos do cal poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e o desenvolvemento conforme a Dereito do proceso selectivo.

Os aspirantes terán un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións á acta de valoración, a contar dende a publicación da mesma na paxina web municipal, [www.vigo.org](http://www.vigo.org).



## Concello de Vigo

### X.- RÉXIME XURÍDICO

A valoración dos méritos axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(100).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA XUNTA SUPERIOR DE FACENDA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DE 10/12/2021, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE XESTIÓN RECADATORIA DA TAXA 32.68.00 —OBRAS HIDRÁULICAS DE REGULACIÓN XESTIONADAS POLA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (CANON DE REGULACIÓN)— DO PRIMEIRO E SEGUNDO SEMESTRE DE 2014. EXPTE. 617/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 10/02/2022, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o letrado especialista de orde Social, Civil, Contencioso e Mercantil e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**1º.-** Con data 19 de decembro de 2018 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo resolución da Dirección de Augas de Galicia, de 3 de decembro de 2018, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2014; expediente no que, desestimando as alegacións reiteradamente aducidas por esta Administración municipal en relación coa inexistencia do feito impositivo para a esixibilidade ao Concello de Vigo de tal taxa, se reclama deste o pago da cantidade de 654.753,03 euros polo dito concepto e ano.

**2º.-** Contra esta resolución a Xunta de Goberno Local, en sesión de 17 de xaneiro de 2019, resolveu interpoñer recurso de reposición con fundamento nas consideracións de feito e de

dereito que constan no propio acordo. O recurso de reposición foi desestimado por resolución da mesma Dirección de Augas de Galicia do pasado 8 de maio e contra esta resolución o concello de Vigo interpuxo reclamación económico administrativa ante a Xunta Superior de Facenda da Comunidade Autónoma, que foi desestimada, por resolución de data 10 de decembro de 2021.

**3º.-** A Dirección de Augas de Galicia xustificou a desestimación do recurso de reposición polas razóns que, sucintamente, siguen: (i) que a Comunidade Autónoma de Galicia é a titular do Embalse de Eiras, que foi traspasado a esta por RD 2792/1986, de 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de obras hidráulicas sen que exista acto administrativo algún de entrega deste embalse ao Concello de Vigo; (ii) que se ben se recoñece a presenza de vixiantes de Aqualia na presa e a realización de diferentes tarefas de conservación e mantemento do encoro, nin desde o punto de vista documental nin desde o punto de vista dos feitos cabe soste que o Concello de Vigo teña asumido a explotación, conservación e mantemento do Encoro de Eiras; (iii) que A lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece no seu artigo 3 que Comunidade Autónoma de Galicia exercerá as súas competencias en materia de auga e obras hidráulica de conformidade, entre outros, cos principios de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos mediambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo accesible, así como de solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias na prestación dos servizos da auga. Neste senso a configuración da taxa do canon de regulación se dimensionou para compensar os custes sufragados pola Administración Hidráulica de Galicia non só na presa de Eiras, senón tamén das demais presas que xestiona Augas de Galicia, repartíndose o custe total en función do volume total de auga captado nos encoros.

**4º.-** Na resolución desestimatoria do recurso de reposición, a Dirección de Augas de Galicia limítase a afirmar a súa titularidade sobre encoro de Eiras, en virtude do RD 2792/1986, de 30 de decembro —titularidade que esta Administración municipal non discute—, a recordar as obrigas que incumben aos titulares dos encoros en materia de seguridade destes, a enumerar as tarefas que realiza en relación ao devandito encoro e a recordar o principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga e a equidade social nas políticas tarifarias; porén, na opinión deste informante, o argumentado por Augas de Galicia non desvirtúa o feito de que a práctica totalidade das tarefas de explotación do encoro as realiza a concesionaria do servizo municipal de augas e que segundo o disposto do dito Real Decreto «la Comunidad Autónoma de Galicia se subroga en los derechos y obligaciones del Estado en relación con las obras e instalaciones que se inclúyen en la relación 1.3 y que se entregan a la Comunidad Autónoma de Galicia para la efectividad de dicha subrogación»; posición —a do Estado— que se limitaba á titularidade da presa pero non a súa explotación, que correspondía, e segue a ser realizada, polo Concello de Vigo, sen que exista acto administrativo algún en virtude do cal o Concello de Vigo cesara na dita explotación en favor de Augas de Galicia.

**5º.-** Contra esta resolución de Augas de Galicia o concello de Vigo interpuxo a reclamación económico administrativa antes referida ante a Xunta Superior de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.



## Concello de Vigo

Na reclamación económico administrativa adúcese, como principais razóns da nulidade da liquidación cuxa exacción pretende a Administración hidráulica: a falta de realización do feito impoñible, pois Augas de Galicia nin explota o encoro de Eiras nin ostenta título algún para elo, sendo o concello de Vigo que ten asumida a explotación, conservación e mantemento do encoro, tal e como recoñece Augas de Galicia nas Normas de explotación e no Plan de emerxencia do encoro; a indefensión do Concello de Vigo provocada pola falta de posta de manifesto a este do estudio económico-financiero que serviu de base para o establecemento da taxa; que a liquidación practicada por Augas de Galicia é nula por imposible determinación del sujeto pasivo; porque no seu caso estaría exenta e por incorrecta cuantificación da base liquidable, en tanto que parte da auga que se capta o é para outros municipios da contorna.

**6º.-** A resolución da Xunta Superior de Facenda deixa impexulgadas as dúas cuestións principais da reclamación municipal: a falta de feito impoñible e a indefensión municipal, pola falta de posta de manifesto ao concello de Vigo do estudio económico-financiero que serviu de base para o establecemento da taxa.

Canto a primeira, dise na resolución que «Non é competencia deste Tribunal, xa que non sería materia reclamable ante este órgano, dirimir as competencias administrativas que ambas entidades ostentan no encoro. Canto a segunda, que o tribunal non pode entrar a discutir o disposto por unha norma con rango de lei e menos a súa adecuación á Constitución.

Discrepamos da primeira afirmación, pois a Xunta Superior de Facenda da Xunta de Galicia si ten competencia para determinar se concorre ou non o feito impoñible e a tal fin analizar as competencias que exerce cada Administración concernida e o recoñecemento da explotación da presa polo concello de Vigo que recoñece Augas de Galicia nas Normas de explotación e no Plan de emerxencia do encoro, aprobados por augas de Galicia.

Canto a falta de estudo económico financeiro da taxa é verdade que a Xunta Superior de Facenda non pode inaplicar unha norma con rango de Lei nin apreciar a súa inconstitucionalidade, pero o certo é que Augas de Galicia funda a esixibilidade ao concello de Vigo do canon de regulación na explotación por ela do encoro de Eiras e na execución por esta na presa de obras adxudicadas por un importe total de 1.168.290 —cofinanciadas pola Unión Europea, nunha porcentaxe dun oitenta por cento—; obras que consistiron na «Mellora e automatización da presa de Eiras» e o seu «Complementario nº 1 do contrato de mellora e automatización da presa de Eiras».

O canon de regulación, que deben satisfacer os beneficiados polas obras de regulación, está destinado a compensar os custes da inversión que soporte a Administración hidráulica e a atender os gastos da explotación e conservación de tales obras.

O Texto Refundido da Lei de Augas establece, para o canon de regulación do Estado, que a súa contía se fixará, para cada exercicio orzamentario, sumando as seguintes cantidades: a) o total previsto de gastos de funcionamento e conservación das obras realizadas; b) Os gastos de administración do organismo xestor imputables a ditas obras, actualizado, tendo en conta a amortización técnica das obras e instalacións e a depreciación da moeda e c) O 4 por 100 del valor das inversións realizadas. Este, entendo, é, tamén, o criterio que ten de aplicarse para calcular o importe do canon de regulación da Comunidade Autonoma.

Pois ben, Augas de Galicia, pretende cobrar o canon de regulación por unha obra cuxo prezo de adxudicación foi de pouco mais de un millón de Euros e ven reclamando deste concello de Vigo, desde o ano 2014 ata a data máis de tres millóns de euros. Así o canon de regulación que reclama Augas de Galicia do concello de Vigo pola captación de augas do encoro de Eiras, correspondente ao ano 2014 é de 654.753,03 euros, sendo así que o 4% do importe da inversión realizada por augas de Galicia en Eiras non chega aos 50.000 euros; que os gastos de mantemento e conservación polo ano 2014 da presa de Eiras correron a cargo do concello de Vigo, que explota a presa a través da súa concesionaria do seu servizo de augas; e que os únicos gastos de Augas de Galicia que procedería incluír na dita liquidación do canon —a máis dos 50.000 euros citados e os imputables á presa polo custe do contrato de auscultación da mesma— sería a parte dos gastos de funcionamento de Augas de Galicia imputables á presa, que evidentemente non poden ascender á 600.000 euros.

É doutrina xurisprudencial consolidada a imprescindible existencia dun informe técnico-económico para poder establecer a contía das taxas e a necesidade de poñer este en coñecemento do eventual reclamante contra a contía da taxa para poder impugnar esta; informe ou memoria económico-financeira cuxa ausencia —establece o artigo 20, da lei de Taxas e Prezos Públicos— determina a nulidade das disposicións regulamentarias que determinen a contía das taxas e, eventualmente, a inconstitucionalidade da Lei que estableza tal contía en ausencia de tal memoria económica financeira.

Así as cousas considerase procedente interpoñer recurso contencioso-administrativo contra as resolucións impugnadas para que este orde xurisdiccional se pronuncie sobre a inexistencia do feito impoñible e plantexe cuestión de inconstitucionalidade de norma autonómica que determina a contía da taxa sin unha memoria económica financeira e sen observar o principio de proporcionalidade da taxa.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 127.1. h) e j) LRBRL a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**Primeiro.-** Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da Xunta Superior de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, de data 10 de decembro de 2021, desestimatoria da reclamación económico administrativa interposta polo concello de Vigo contra a resolución da Dirección de Augas de Galicia, de 8 de maio de 2019, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola mesma Administración local contra a resolución da Dirección de Augas de Galicia, de 3 de decembro de 2018, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2014 e contra estas mesmas resolucións .

**Segundo.-** Solicitar a suspensión do acto impugnado.

### **ACORDO**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(101).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA DIRECTORA DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA, DE 1 DE XUÑO DE 2021, E CONTRA A RESOLUCIÓN DA COMISIÓN SUPERIOR DE FACENDA DE GALICIA, DE DATA 10 DE DECEMBRO DE 2021, EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO DE COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS DA AXENCIA TRIBUTARIA COMP/605. EXPTE. 885/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 10/02/2022, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o letrado especialista de orde Social, Civil, Contencioso e Mercantil e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### OBXECTO

1. Con data 10.12.2021, a Xunta Superior de Facenda ditou resolución acordando a desestimación da reclamación económico-administrativa interposta por este Concello en data 01.07.2021 contra a resolución da Axencia Tributaria de Galicia de 01.06.2021 ditada no procedemento de compensación de débedas COMP/65, cun importe de 884.445,26 €.

2. A dita resolución da Xunta Superior de Facenda, que esgota a vía económico-administrativa, é recorrible ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, constituíndo o obxecto deste informe a pertinencia de incoar tal recurso xurisdiccional con base aos numerosos argumentos xurídicos e fácticos que constan neste expediente 885/441 e no do que trae causa, o expediente núm. 1765/440.

### ANTECEDENTES

Posto que esta reclamación económico-administrativa trae causa do tramitado no Expte. 1765/440 no que este concello rexeitou o requirimento da Consellería de Sanidade sobre cumprimento das obrigas establecidas no convenio marco de colaboración para a construción do novo hospital de Vigo, relaciónanse os antecedentes máis salientables para este informe deste expediente e os antecedentes específicos do expediente 885/441.

#### A. Antecedentes do expediente 1765/440

A.1. O 07.03.2006 entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo asínase o Convenio Marco de Cooperación para a construción do novo Hospital de Vigo (actual *Álvaro Cunqueiro*) e dotación das súas infraestruturas, cuxa cláusula sétima establece:

*«O Concello de Vigo levará a cabo a execución das infraestruturas urbanísticas precisas que garantan os servizos necesarios para a construción e funcionamento do hospital, en*

*concreto o abastecemento de auga e o saneamento, así como a dotación de subministracións e servizos de gas cidade, electricidade, canalización de fibra óptica, e calquera outro que sexa imprescindible ou necesario para a construción e funcionamento do hospital*

*A execución destas infraestruturas deberá concluír con anterioridade á finalización da construción do hospital co obxecto de garantir a súa posta en funcionamento.*

*A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes comprométese a executar as obras de accesos rodovianos así como aquelas outras consideradas de incidencia supra-municipal contempladas no propio Proxecto sectorial».*

Na cláusula décimo-primeira páctase que:

*O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, e estará vixente ata o estrito cumprimento de tódalas actuacións previstas nel e nos posibles convenios que o desenvolvan. A estes efectos, o presente convenio será desenvolto por outros convenios ou addendas nos que se irán plasmando as súas concrecións e cuantificando os seus custos.*

Na cláusula décimo segunda:

*O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento poderá dar lugar a resolución do mesmo e, no seu caso, a indemnización dos danos e prexuízos causados.*

E na cláusula décimo terceira acórdase:

*Este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.*

A.2. O 18.01.2013 tivo entrada escrito da Sra. Conselleira de sanidade requirindo ao concello para a realización de tódolos trámites necesarios para a contratación da cometida eléctrica do hospital.

A.3. Tralos informes da intervención Xeral de 04.02.2013, da Secretaría xeral de 07.02.2013, do Servizo de Planeamento de 07.02.2013, da Xefatura dos servizos Técnicos de Urbanismo de 12.02.2013 e da titular da Asesoría xurídica de 14.02.2013, o Concello acorda rexeitar o requirimento, aprobado na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 15.02.2013.

A.4. En data 17.04.2013 recíbese resolución conxunta da Conselleira de Sanidade e do Conselleiro de Medio ambiente acordando a resolución do referido convenio marco de cooperación imputándolle ó concello un incumprimento do mesmo.

A.5. Resolución rexeitada no acordo da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 14.06.2013 con base no informe-proposta do asesor xurídico da Área de Fomento de data 11.06.2013.

#### B.- Antecedentes do expediente 885/441

B.1. Con data do 12.04.2016 recíbese requirimento da directora de Recursos Económicos da Consellería de Sanidade reclamando o pago da débeda de 884.455,26 € polo incumprimento do convenio marco que lle imputa ó concello.





## Concello de Vigo

B.2. O referido requirimento foi rexeitado polo concello na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 06.05.2016 con base no informe do xefe do departamento administrativo da alcaldía de 02.05.2016.

B.3. O 07.04.2021 recibíuse notificación da Axencia Tributaria de Galicia comunicando o inicio do procedemento de compensación de débedas para o cobro da referida cantidade de 884.455,26 €, fronte ao que se realizaron as alegacións que constan no escrito deste concello de data 26.04.2021, alegacións que foron rexeitadas na resolución da Directora da dita Axencia de data 01.06.2021.

B.4. Na sesión da Xunta de Goberno Local de 01.07.2021 acórdase a interposición da reclamación económico-administrativa contra a anterior resolución da Directora da Axencia Tributaria, con base no informe-proposta de data 30.06.2021, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos xerais, o concelleiro-delegado de Área e a titular da Asesoría Xurídica municipal.

B.5. En cumprimento do trámite de audiencia conferido, preséntase escrito de alegacións por parte do concello de Vigo.

B.6. O 10.12.2021 a Xunta Superior de Facenda dita a resolución que rexeita a reclamación económico-administrativa do concello.

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.-** En resumo, a citada resolución da Xunta Superior de Facenda, ao rexeitar a reclamación económico-administrativa, considera axustado a dereito o procedemento de compensación de débedas, e a procedencia material da compensación, no que se lle reclama a este Concello a sinalada cantidade derivada dun (inexistente) incumprimento da cláusula sétima do Convenio Marco de Cooperación entre a Xunta de Galicia, a través das Consellerías de Sanidade, Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o SERGAS e o Concello de Vigo, para a construción do novo Hospital de Vigo e dotación das súas infraestruturas de data 07.03.2006, que orixinou este procedemento de compensación de débedas.

**II.-** O procedemento de compensación de débedas está regulado nos artigos 59 e ss da lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. Pola súa importancia transcríbese o disposto no citado artigo 59 nos parágrafos especialmente aplicables que foron vulnerados pola resolución:

*Débedas obxecto de compensación*

*Un. As cantidades que correspondan a cada concello como participación no Fondo de Cooperación Local serán susceptibles de compensación coas débedas vencidas, líquidas e exixibles que teñan contraídas coa Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas.*

*Dous. En particular, poderán ser obxecto de compensación as cantidades vencidas, líquidas e exixibles debidas á Administración da Comunidade Autónoma e ás entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas, como danos e perdas derivados do incumprimento de convenios administrativos de colaboración.*

*Para estes efectos, entenderase que son líquidas as cantidades que a Comunidade Autónoma lles aboase a terceiros como consecuencia do incumprimento do convenio pola entidade local. Estas cantidades comunicaranse ao concello, acompañando as facturas ou outros documentos que acreditan os gastos realizados, e tras audiencia deste aprobaranse por resolución motivada.*

*Tres. Ademais, poderán ser obxecto de compensación coa Participación no Fondo de Cooperación Local as achegas dos concellos que, en virtude de convenio coa Xunta de Galicia e as súas entidades instrumentais, teñan a condición de vencidas, líquidas e exixibles.*

Polo tanto, ademais da evidente e preceptiva existencia da débeda, esta ten que ser vencida, líquida e exixible, de xeito que, faltando calquera destes requisitos a administración autonómica non pode acudir ao procedemento de compensación de débedas e moito menos consideralo axustado a dereito.

**III.-** A débeda, causa deste procedemento de compensación, non existe e así llo comunicou en numerosos escritos este concello á administración autonómica xa no Expediente 1765/440, nos que, con plena lealdade institucional, se lle notificou que non existe o incumprimento do convenio no que basea a administración autonómica a súa reclamación, o que obrigaba a dita administración a acudir aos tribunais de xustiza para solventar tal contenda, se non está de acordo, e non forzar un improcedente procedemento de compensación dunha débeda inexistente, ata o punto que o propio texto do convenio o reflicte expresamente na súa cláusula décimo terceira transcrita no antecedente A.1 deste informe.

**IV.-** O contido do expediente municipal 1765/440 é fundamental para soste a ilegalidade da resolución da Xunta Superior de Facenda, nel consta claramente que existe un conflito entre as dúas administracións que solo os tribunais de xustiza poden resolver o que obrigaba a administración autonómica a acudir aos mesmos e non utilizar e forzar torticeiramente, a piques de caducar pois apenas faltaban 5 días, sen que dende o ano 2016 a administración autonómica fixese algunha actuación, creando unha esperanza obxectiva de que se aquietaba as razoadas peticións deste concello (incumprindo a doutrina do atraso desleal, por exemplo SSTS de 1 de abril de 2015 ou de 12 de decembro de 2011).

**V.-** Neste expediente municipal 1765/440 xa dende as primeiras reunións da Comisión de seguimento do convenio marco, os representantes do concello puxeron de manifesto a inexistencia da obriga reclamada pola administración autonómica (en especial, Actas de 08.05.2012 e do 27.12.2012), inexistencia ratificada á administración autonómica nos acordos da Xunta de Goberno Local identificados nos antecedentes B.1 a B.6 deste informe, avallados por todos os informes que tamén se relacionan neses antecedentes.

Considérase reiterativo lembrar aquí tódolos argumentos que avalan a inexistencia da débeda expostos pola Intervención xeral, pola Secretaría xeral, pola Asesoría Xurídica do Concello e polos xefes dos servizos xurídicos sinalados, argumentos todos que fundamentan tamén o recurso contencioso-administrativo que aquí se propón.

**VI.-** Xunto aos argumentos antes citados, a resolución da Xunta Superior de Facenda considérase insostible e, como mínimo, ante a existencia dun conflito entre as dúas administracións que afecta, nada máis e nada menos, a propia existencia da débeda reclamada, de-



## Concello de Vigo

beuse declarar incompetente para resolver pois o procedemento de compensación non supón de ningún xeito unha aplicación automática da afirmación *motu proprio* dunha administración (utilizando unha prerrogativa da que carece) da débeda por outra. Este defecto afecta ó propio procedemento de compensación facéndoo nulo, pois, non solo polo argumento que se recolle no punto II da resolución municipal de 14 de xuño de 2013, senón pola propia imposición do convenio marco na cláusula décimo terceira, a administración autonómica está obrigada a acudir a vía xurisdiccional contencioso-administrativa para defender os seus dereitos.

Neste senso reitéranse as consideracións de dereito do informe-proposta de 02.05.2016 aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 6 de maio de 2016, transcribindo aquí, pola súa claridade, o punto II:

*«II. Como se recolle na resolución municipal de 14 de xuño de 2013, cando se trata de litixios entre administracións públicas e estas actúan revestidas de poder público, non existe privilexio de autotutela nin ningunha outra potestade equivalente que permita a unha Administración impoñerse fronte a outra ao marxe dos tribunais da orde contencioso-administrativa para recabar a tutela do interese pretendidamente vulnerado. A lexislación reguladora da actividade administrativa, tal e como sinala a Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de outubro de 2006 (rec. Núm. 55/2005), recollida noutras posteriores, aplícase cando se trata de resolver ou solventar unha disparidade de criterios entre administracións públicas e unha delas actúa na relación xurídica entablada como un particular e non como un poder público, porque cando as dúas administracións actúan revestidas de poder público é forzoso acudir ao réxime do artigo 44 da lei da Xurisdición».*

**VII.-** En definitiva enténdese que a resolución pode ser recorrida na orden xurisdiccional contencioso-administrativa pola nulidade absoluta do procedemento de compensación e en canto ao fondo pola inexistencia da débeda reclamada e compensada, o que supón unha vulneración flagrante do exixido no artigo 59 da lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 ó establecer que o procedemento de compensación de débedas require a existencia dunha débeda, pois solo unha débeda que exista pode ser vencida, líquida e exixible.

**VIII.-** De conformidade co disposto nos parágrafos g) e j) da LRBRL é competente para acordar a interposición do recurso contencioso-administrativo que se propón a Xunta de Goberno Local

**IX.-** Aínda que a Área de Fomento e Servizos conta co servizo xurídico que desempeña o asinante do presente informe proposta, habida conta da importancia do asunto, remítese o expediente á titular da Asesoría Xurídica para que manifieste, no seu caso, a súa conformidade co mesmo.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, como órgano competente en materia de contratación (disposición adicional 2ª LCSP), a adopción do seguinte

### ACORDO

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da directora da Axencia Tributaria de Galicia, de 1 de xuño de 2021, ditada no procedemento de compensación de débedas da Axencia Tributaria, identificado como COMP/605, e contra a resolución da

Comisión Superior de Facenda da Xunta de Galicia, de data 10 de decembro de 2021, desestimatoria da reclamación económico-administrativa interposta polo concello de Vigo contra a primeira das resolucións citadas.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(102).- PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE. EXPTE. 1185/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/02/2022, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe de Área de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **I.-ANTECEDENTES**

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, o maior instrumento de estímulo económico financiado xamais pola Unión Europea, en resposta á crise sen precedentes provocada polo coronavirus.

NextGenerationEU pretende responder de forma conxunta e coordinada a unha das peores crises sociais e económicas da nosa historia e contribuír a reparar os danos causados pola pandemia.

O Mecanismo ofrece aos 27 estados membros apoio mediante transferencias directas e préstamos para aumentar os investimentos públicos e acometer reformas que contribúan á recuperación da economía e do emprego e que estean orientadas a afrontar os principais retos económicos e sociais posteriores ao COVID.

Para o desenvolvemento deste mecanismo, España, a través do acordo do Consello de Ministros de 27 de abril de 2021, aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora unha importante axenda de investimentos e reformas estruturais. O PRTR foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021, e polo Consello da Unión Europea o 13 de xullo de 2021. O PRTR permitirá a España acceder a ata 140.000 millóns de euros en créditos e transferencias no período 2021-2026 que, xunto coa Axuda á Recuperación da Cohesión e dos Territorios de Europa (REACT-EU) e o resto de instrumentos previstos no Marco Financeiro Plurianual, promoverá reformas e investimentos en ámbitos prioritarios a nivel europeo. Para iso, o citado Plan estrutúrase en catro eixos dedicados á transición ecolóxica, á transformación dixital, á cohesión social e territorial e á igualdade de xénero, que orientan á súa vez dez políticas de panca e trinta compoñentes.

O PRTR, configúrase, pois, como un instrumento impulsado a nivel da Unión Europea destinado a mitigar os impactos da Pandemia da COVID-19, así como a transformar a



## Concello de Vigo

sociedade, cos obxectivos de modernizar o sector produtivo. tecido, promover a “descarbonización” e o respecto polo medio ambiente, promover a dixitalización, e mellorar as estruturas e recursos para a investigación e a formación, logrando en definitiva unha maior capacidade da sociedade para superar problemas como a Pandemia, de acordo co marco establecido no Regulamento (UE) ) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

O artigo 8 do citado Regulamento, relativo á execución do PRTR, determina que “A Comisión executará o Mecanismo en réxime de xestión directa de acordo coas normas pertinentes adoptadas en virtude do artigo 322 do TFUE, en particular o Regulamento financeiro e o Regulamento (UE, Euratom) 2020/2092 do Parlamento Europeo e do Consello. Este enfoque implica o deseño de instrumentos específicos e a adaptación dos procedementos ao marco que se define.

Para facer efectivas no menor tempo posible as iniciativas propostas, as Administracións Públicas deben adoptar múltiples medidas, entre as que destacan a adaptación dos procedementos de xestión e do modelo de control, xunto coa configuración e desenvolvemento dun Sistema de Xestión que facilite tramitación das solicitudes de desembolso aos Servizos da Comisión Europea, de acordo coas normas esixidas, tanto desde o punto de vista formal como operativo.

En relación á necesidade de establecer mecanismos de control e seguimento nos procesos de execución das actuacións relacionadas co PRTR, o BOE do 30 de setembro de 2021 publica a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o sistema de xestión do PRTR que ten como finalidade configurar e desenvolver un Sistema de Xestión orientado á definición, planificación, execución, seguimento e control dos proxectos e subproxectos nos que se desagregan as medidas (reformas/investmentos) previstas nos compoñentes do PRTR.

A citada Orde é de aplicación ás entidades que integran o sector público de conformidade co disposto no artigo 2.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como a cantos outros axentes interveñan na execución do PRTR como receptores de fondos, establecendo os procedementos e instrumentos necesarios para garantir a súa coordinación e seguimento.

Dentro do amplo desenvolvemento desta Orde, cómpre destacar en relación co obxecto deste expediente, que en relación cos principios específicos de xestión do PRTR, determinase o estándar mínimo a cumprir en relación cos “fitos”, “obxectivos”, “proxectos” e “subproxectos”. Estas referencias poderán ser ampliadas polos órganos responsables e xestores, e actualizadas pola Autoridade Responsable.

A vista do contido desta Orde, O Concello de Vigo como posible entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, debe contar cunha estrutura organizativa específica que poda garantir unha correcta planificación, execución e seguimento dos proxectos que o Concello de Vigo poda desenvolver no marco do PRTR, e no seu caso poder cumprir coas obrigas derivadas da condición de “beneficiario” de proxectos financiados con fondos do PRTR.

Neste sentido establécense como principios o criterios específicos de obrigada consideración na planificación y execución os seguintes:

a) **A determinación de “fitos” e “obxectivos” como criterios de planificación, seguimento y acreditación do resultado dos proxectos.**

As entidades executoras serán as encargadas de rexistrar continuamente no sistema informático o avance dos indicadores dos “fitos” e “obxectivos” dos “Proxecto” ou “Subproxectos” e incorporar a información de apoio de acordo cos mecanismos de verificación.

b) **Etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, como unha obriga para a identificación dos recursos destinados a obrigada transición ecolóxica e dixital.**

Co fin de facilitar o seguimento e avaliación do cumprimento do compromiso de etiquetaxe verde e dixital, deberá estruturarse un sistema de información e seguimento que permita determinar a contribución dos distintos proxectos e subproxectos aos obxectivos marcados.

c) **Análise de riscos en relación aos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente** (non facer dano significativo, DNSH), seguimento e verificación dos resultados da avaliación inicial.

O Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia establece que ningunha das medidas de execución das reformas e investimentos incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia suporá un dano significativo (DNSH) aos seis obxectivos ambientais definidos no Regulamento (UE) 2020. /852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, que se detalla a continuación:

- a) Mitigación do cambio climático.
- b) Adaptación ao cambio climático.
- c) Uso sostible e a protección dos recursos hídricos e mariños
- d) Transición a unha economía circular.
- e) Prevención e control da contaminación.
- f) Protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas.

d) **Fortalecemento dos mecanismos de prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.**

Co fin de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021,



## Concello de Vigo

Ile impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiaria dos fondos MRR, que calquera entidade, decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá contar cun “Plan de medidas antifraude” que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, utilizáronse os fondos correspondentes de acordo coa normativa aplicable, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses. Dito plan deberá cumprir cos requisitos indicados na citada “Orde” e de forma específica deberá estar aprobado nun prazo máximo de 90 días dende a entrada en vigor da Orde HPF/1030/2021, oi no seu caso dende que se teña coñecemento da participación na execución do PRTR.

Co fin de lograr unha homoxeneidade no deseño destas medidas por parte dos devanditos participantes, e sen prexuízo da aplicación de medidas adicionais tendo en conta as características específicas e os riscos da entidade de que se trate, a Orde HPF/1030/2021 inclúe no anexo II.B .5 a -cuestionario de avaliación sobre o estándar mínimo, e no anexo III.C orientación sobre medidas para previr, detectar e corrixir a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, que fai referencia ás posibles medidas a adoptar para garantir unha adecuada protección dos intereses financeiros da Unión na execución de accións financiadas ou a financiar polo MRR.

A avaliación do risco de fraude, a realización da Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para atender os conflitos de intereses configúranse como actuacións obrigatorias para os órganos xestores. A elección das medidas de prevención e detección déixase á discreción da entidade que asuma a responsabilidade de xestión, tendo en conta as súas características específicas e sempre tendo en conta a necesidade de garantir unha adecuada protección dos intereses da Unión.

**e) Compatibilidade do réxime de axudas estatais e prevención do dobre financiamento.**

As entidades que participen na execución do PRTR deberán aplicar procedementos que garantan en todo momento o pleno respecto á normativa en materia de axudas estatais, así como garantir a ausencia de dobre financiamento. Para iso, a Orde HPF/1030/2021 inclúe no anexo II.B.6 un cuestionario de autoavaliación sobre a norma mínima, e no anexo III.D figura unha referencia orientativa para facilitar o cumprimento dos requisitos de compatibilidade co réxime de axudas estatais e prevención do dobre financiamento.

**f) Identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista.**

As entidades de decisión e execución dos compoñentes incluírán as seguintes obrigas en relación coa identificación de contratistas e

subcontratistas nos procedementos de licitación que se enmarquen no desenvolvemento das actuacións previstas no PRTR:

- a) NIF do contratista ou subcontratistas.
- b) Nome ou razón social.
- c) Domicilio fiscal do contratista e, se é o caso, dos subcontratistas.
- d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao disposto na normativa europea de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais. Anexo IV.B).
- e) Declaración responsable sobre o compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar á zona obxecto de xestión (modelo anexo IV.C).
- f) Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e reitores da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que deberá reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de Licitación.

**g) Comunicación.**

As actuacións de comunicación relacionadas coa execución do Plan incorporarán o logotipo oficial do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, nos termos que lle comunique a Autoridade Responsable.

Para o adecuado cumprimento do disposto no artigo 10 do Convenio de Financiamento, en todos os proxectos e subproxectos que se desenvolvan en execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o emblema da UE deberá figurar de forma correcta e destacada cunha declaración de financiamento adecuado que di (traducido aos idiomas locais cando proceda) "financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU", xunto co logotipo do PRTR, dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>. Do mesmo xeito, todas as convocatorias, pregos, convenios e demais instrumentos xurídicos que se desenvolvan neste ámbito deberán conter tanto no seu epígrafe como no seu órgano de desenvolvemento a seguinte referencia «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea. - NextGenerationEU.

Se debe garantir que os destinatarios finais do financiamento da Unión no marco do MRR recoñezan a orixe e garantan a visibilidade do financiamento da Unión.

Así mesmo, para garantir a adecuada comunicación e transparencia, as entidades executoras deberán facilitar información, a través dos mecanismos





## Concello de Vigo

establecidos para o efecto, sobre a publicación de calquera convocatoria de axudas ou procedemento de licitación para a súa inclusión na páxina web xestionada pola Autoridade Responsable.

### **II.- PROPOSTA ORGANIZATIVA:**

En primeiro lugar debese indicar que dende a Concellería de Fomento se desenvolveu a licitación polo procedemento aberto, para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441). Este contrato foi adxudicado por acordo da A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de xullo de 2021 a UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-87.798.146 e B-85.097.962). Atendendo ao obxecto do contrato, as prestacións incluídas abarcan tanto o asesoramento a través de traballos técnicos para a conformación dos diversos instrumentos que posibiliten una mellora na planificación e desenvolvementos dos plans de acción do Concello de Vigo no marco da Axenda Urbana Española, como o desenvolvemento técnico dos procesos de análise das distintas convocatorias e programas Europeos que se correspondan coas liñas de actuación estratéxica do Concello de Vigo, incluíndo no seu caso, a preparación e redacción das propostas e proxectos, a presentar nas convocatorias que o Concello de Vigo estime adecuada a súa participación.

En relación o desenvolvemento das diversas convocatorias públicas relacionadas co PRTR, debese indicar que na actualidade dende o Concello de Vigo se está traballando nos seguintes proxectos:

- Programa de axudas aos concellos para a implantación de zonas de baixa emisión e a transformación dixital e sostible do transporte urbano
- Convocatoria extraordinaria de Plans de Turismo Sostible en Destinos para entidades locais
- Axudas de apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización
- Axudas para o reforzo da actividade comercial en zonas turísticas
- Axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española: Bases reguladoras e convocatoria
- Axudas para impulsar accións dirixidas á renaturalización e resiliencia das cidades españolas
- “Subvencións para a transformación dixital e modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”
- Plan de rehabilitación de edificios de titularidade pública.

Así mesmo en relación as necesidades organizativas vinculadas o desenvolvemento das actuacións descritas anteriormente a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de novembro de 2021, entre outros asunto aprobou o expediente 1058/441 “PROGRAMA DE XESTIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA NEXT GENERATION UE», que se concreta na declaración de urxencia do nomeamento dos funcionarios interinos para a execución do devandito programa: 4 Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos, 3 Enxeñeiros/as Industriais, 2 Técnicos/as de Sistemas, 3 Técnico/as de Administración Xeral, 2 Técnicos/as de xestión de programas europeos, 2 auxiliares administrativos, por execución de programa de carácter temporal, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP.

O persoal descrito adscribirase orgánica e funcionalmente ao Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento sen prexuízo do desenvolvemento das súas funcións nos diferentes servizos xestores municipais ao tratarse dun programa de carácter transversal.

A vista do inicio do proceso de selección do persoal que conforma dito programa, considerase necesario desenvolver un “**PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR**”, e poder desenvolver as medidas que regula a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para as entidades "xestoras" de Proxectos financiados con fondos procedentes do PRTR.

Por todo o exposto o Concello de Vigo ten desenvolto todos os procesos necesarios para optimizar a capacidade de xestión de fondos ao PRTR, polo cal soamente resta desenvolver unha proposta organizativa interna de coordinación e planificación que ademais posibilite unha adecuada capacidade de seguimento e execución dos proxectos.

## **II.a.- PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN Y RESILENCIA - PROGRAMA NEXT GENERATION UE -**

A vista das actuación xa iniciadas en relación a execución de proxectos do PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN Y RESILENCIA - PROGRAMA NEXT GENERATION UE -, e atendendo que o volume principal das actuacións están relacionadas con proxectos de inversións de obras, dito programa municipal deberá estar integrado na AREA DE FOMENTO Y SERVICIOS.

Coa identificación da integración na Area de Fomento, ven a determinarse a competencia do Concelleiro Delegado da Area de Fomento como responsable da coordinación xeral desta unidade técnica de xestión, tendo como obxecto principal a de planificación das diversas actuacións que sexan susceptibles de ser financiadas con fondos do PRTR, establecendo as pautas de colaboración coas areas ou servizos municipi-



## Concello de Vigo

pais que teñan responsabilidades directas nos obxectos das diversas convocatorias que se desenvolvan no marco do PRTR. Así mesmo se desenvolverán todas as medidas necesarias para desenvolver un proceso de formación continua dirixida as distintas áreas de xestión do Concello de Vigo en aquelas materias de especial relevancia para mellorar a capacidade de xestión y desenvolvemento das tarefas vinculadas a execución do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Este “Programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con fondos do PRTR”, determinará directrices de xestión e coordinación co obxectivo de acadar sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multisdisciplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR.

Para unha adecuada coordinación e desenvolvemento dos traballos e necesario definir o seguinte organigrama:

**Concellería municipal responsable:** Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos.

**Conformación dun equipo para a desenvolvemento do Programa Municipal para os proxectos financiados cos Fondos do PRTR,** estará conformada por unha coordinación técnica responsable do programa, por un comité técnico do Programa, por un comité de autoavaliación e por un equipo técnico de xestión.

a.- **Coordinación técnica do Programa Municipal para os proxectos financiados con fondos do PRTR:** Atendendo a que a maioría das actuacións se atopan identificados no ámbito dos distintos investimentos do Concello de Vigo, dita coordinación se encomendará ao Xefe da área de investimentos. Para a execución desta función, ademais de desenvolver todas as funcións inherentes a coordinación, planificación e seguimento, poderá propoñer ao Concelleiro delegado da Área de Fomento, na súa condición de responsable do desenvolvemento operativo do Programa, cantas resolucións operativas sexan necesarias para o a correcta execución do plan.

b.- **Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR:**

Para a realización do traballo de planificación, seguimento e avaliación establece un “comité técnico” composto por:

- o O xefe do servizo xurídico da área de Servizos Xerais, ou persoa da súa área na quen delegue.
- o Xefe administrativo e control orzamentario da Área de Fomento ou persoa da súa área na quen delegue.
- o Xefe de servizo de servizo de vías e obras ou un enxeñeiro/a da Área de Fomento.

- o Xefe do servizo de administración electrónica, ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefe do servizo de medioambiente, ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefa do Servizo de contratación, ou persoa da súa area na quen delegue.
- o Xefe/a do servizo vinculado directamente a convocatoria ou proxecto a desenvolver.
- o Técnico/a de xestión da area de fomento.

En función das materias a tratar, se fose necesario, o Comité solicitará a asesoramento dos responsables da Dirección Orzamentaria, Secretaria de administración local, Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral.

**c.- Comité de auto avaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro:**

Tendo en conta as obrigas reguladas pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, propónse a seguinte composición:

- o Membros do Comité de Integridade Contractual do Concello de Vigo de acordo coa conformación aprobada no punto cuarto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xaneiro de 2022 no marco do expediente 6696/241.

Ademais formarán parte do mesmo en base ao alcance da autoavaliación os seguintes membros:

- o O responsable da coordinación técnica do Programa Municipal para os Fondos PRTR ou técnico/a de xestión da area de Fomento na quen delegue.
- o O xefe de servizo de servizo de Vías e obras ou un enxeñeiro/a da Area de Fomento
- o O xefe do Servizo de medioambiente, ou persoa da sua area na quen delegue.

**d.- Area técnica de xestión:**

- o Estará conformado polo persoal designado ao efecto en relación os recursos integrados no PROGRAMA DE XESTIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA NEXT GENERATION UE (expte 1058/441).



## Concello de Vigo

### **III.- PROPOSTA:**

En base ó exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

- Primeiro: Aprobar, para os efectos de garantir a realización das medidas que resulten precisas en relación a execución dos proxectos vinculados aos fondos do **PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN Y RESILENCIA - PROGRAMA NEXT GENERATION UE**, a proposta organizativa que se conforma baixo o **PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION UE**, de acordo a composición e funcións recollida no apartado II.a do informe proposto.
- Segundo: Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos o a coordinación e desenvolvemento operativo da **PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION UE**, para o que, contará co apoio técnico do “Comité técnico de coordinación e planificación” que se conforma dentro deste plan, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.
- Terceiro: Encomendar ao Comité de autoavaliación, que se conforma dentro do **PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION UE**, o desenvolvemento dos procesos de autoavaliación regulados pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o sistema de xestión do PRTR.
- Cuarto: Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización municipal.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(103).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE “RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA RÚA ROSAL FLORIDO E CONTORNA (SAMPAIO)” DO PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 918/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 07/02/2022, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 16.12.2021 acordou:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto técnico de “**RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA RÚA ROSAL FLORIDO E CONTORNA- SAMPAIO**”; redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLON DOUSCENTOS VINTE E OITO MIL CUATROCENTOS NOVE EUROS CON DAZANOVE CÉNTIMOS (1.228.409,19 EUROS) e data Xullo de 2021. e UN MILLON QUINCE MIL DOUSCENTOS CATORCE EUROS CON VINTE E UN CENTIMOS (1.015.214,21), sin IVE, o proxecto dispoñe de sinatura dixital de data 29/10/2021.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA RÚA ROSAL FLORIDO E CONTORNA- SAMPAIO**” por un importe de 42.613,40 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:



## Concello de Vigo

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto		17.062,42 €
Asistencia técnica á D.O.	Galaicontrol	17.062,42 €
Coordinación de seguridade e saúde	Oscar Pereiro Taibo - CSM	4.265,61 €
	SUMA	38.390,45 €
	11% Gastos de Xestión	4.222,95 €
	TOTAL (IVE excluído)	42.613,40 €

IV.- Con data 5 de xaneiro de 2022 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 918/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 853.121,19 €
- Presuposto de contrata: 1.015.214,21 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 7 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: E 1 3 e G 6 3
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL,
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados

polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

**III.-** Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

**IV.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “Renovación do abastecemento na Rúa Rosal Florido e contorna (Sampaio) cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, según o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 918/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 853.121,19 €
- Presuposto de contrata: 1.015.214,21 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 7 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: E 1 3 e G 6 3
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL,
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM

**SEGUNDO-** Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no





## Concello de Vigo

prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(104).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS” DO PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 919/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 07/02/2022, asinado pola técnica de xestión da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prorroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 16.12.2021 acordou:

**Primeiro.-** *Aprobar o proxecto técnico de “MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS” redactado polo Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SESENTA E SEIS MIL EUROS CON CINCOCEMOS NOVE EUROS E TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (866.509,39 €) e SETECEMOS DEZA SEIS MIL CENTO*

VINTE TRES EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (716.123,46 €), sin IVE e data novembro de 2021.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS**” por un importe de 16.699,52 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto		0,00 €
Asistencia técnica á D.O.	Galaicontrol	12.035,69 €
Coordinación de seguridade e saúde	Sara Albar Hermida - Segurinco	3.008,92 €
	SUMA	15.044,61 €
	11% Gastos de Xestión	1.654,91 €
	TOTAL (IVE excluído)	16.699,52 €

IV.- Con data 5 de xaneiro de 2022 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 919/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 601.784,42 €
- Presuposto de contrata: 716.126,46 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 3 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: E 64
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL,
- Coordinación de Seguridade e Saúde: SEGURINCO

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.



## Concello de Vigo

**II.-** Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

**III.-** Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

**IV.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “Mellora da estación de bombeo de augas residuais cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, según o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 919/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 601.784,42 €
- Presuposto de contrata: 716.126,46 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 3 meses.

- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: E 64
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL,
- Coordinación de Seguridade e Saúde: SEGURINCO

**SEGUNDO-** Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta do Programa Vigo en Festas - ano 2022. Expte. 9172/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



## Concello de Vigo

### **15(105).- PROPOSTA DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS - ANO 2022. Expte. 9172/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 15/02/2022 e a rectificación do 16/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 7/02/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985 determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o paragrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

É por isto que dentro da planificación das políticas públicas, como clave da xestión pública e coa fin de dotar maior transparencia e publicidade, propónse a elaboración dun Programa do Servizo de Festas, de actividades para o ano 2022, como documento que recolla de forma sistematizada todas aqueles actos que o conforman e que, unha vez publicitado, permita aos interesados ter una visión global do mesmos.

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2020, aprobou o **“Plan de dinamización e desenvolvemento do servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023”** (expediente 8385/335), que recolle os cinco obxectivos do Servizo de Festas e traza as liñas estratéxicas básicas e que son os/as seguintes:

### **Primeiro.- OBXECTIVOS:**

**Obxectivo 1.-** *Garantir unha oferta sociocultural completa e de calidade para a cidadanía que converta a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao exterior unha imaxe de cidade moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos.*

**Obxectivo 2.-** *Conseguir a través da programación de actividades socioculturais una acción transformadora do municipio, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida. Así como o fomento de valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión da nosa identidade cultural e da nosa historia.*

**Obxectivo 3.-** *Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural, de festas tradicionais e patronais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido asociativo.*

**Obxectivo 4.-** *Favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.*

**Obxectivo 5.-** *Xestión e mantemento dos espazos vinculados ao servizo.*

Non obstante este ano, con motivo da situación actual de emerxencia sanitaria o desenvolvemento das actividades programadas está suxeita ao cumprimento de determinadas medidas preventivas en materia COVID establecidas pola normativa e as recomendacións sanitarias.

Coa finalidade de evitar a afluencia de persoas e garantir o distanciamento social entre o público asistente ás actividades que se programen e tamén atendendo a un principio de descentralización, elabora un programa deste ano que pretende realizar actividades en diferentes puntos do termo municipal (repartidos entre barrios da cidade e parroquias), conseguindo así unha maior dispersión física de públicos e un achegamento e disfrute das actividades a toda a cidadanía.

Atendendo a situación actual e co fin de garantir un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que dende o Servizo de Festas poidan favorecer a recuperación da vida social e económica emítense a seguinte

### **PROPOSTA DE PROGRAMACIÓN 2022-2023:**

**Obxectivo:** O desenvolvemento, xestión, execución e seguimento dos diferentes programas e actividades festivas, socioculturais, lecer e tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural e económica. O programa implicase na xeneración de actividade creativa e cultural dos barrios co fin de achegar o acceso á cultura e ocio a toda a cidadanía e en todo o termo municipal.

**Lugares:** Centro da cidade, barrios e parroquias do municipio.

A organización e desenvolvemento de actividades nestes lugares conlevará o cumprimento dun protocolo de actuacións, conforme á normativa Sanitaria.



## Concello de Vigo

**Público obxectivo:** Poboación en xeral, contendo actividades dirixidas a diferentes sectores de público..

**Tarefas e accións:** O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades. En liñas xerais a programación inclúe as seguintes:

### 1.- ACTIVIDADES DE ENTROIDO

Consiste nunha programación de actividades que teñen lugar nos meses de febreiro e marzo coa celebración do Entroido. Promove directamente a participación da cidadanía en actividades socioculturais de lecer e de tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural e económica.

O Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade. Dende o ano 1996 estanse a asinar convenios entre Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e a Federación de Peñas "El Olivo" e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. É por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.480.0002 se prevé a concesión dunha subvención para a organización do Entroido.

**Lugares:** Centro da cidade.

A organización e desenvolvemento de actividades nestes lugares conlevará o cumprimento dun protocolo de actuacións, conforme á normativa Sanitaria.

**Público obxectivo:** Poboación en xeral, contendo actividades dirixidas a diferentes sectores de público infantil e familiar.

**Tarefas e accións:** O desenvolvemento do programa concrétase actividades de animación socioculturais diversas, de concursos de comparsas e carrozas, e disfraces; cun amplo programa de actuacións musicais, animación infantil; pregón, queima do meco, etc.

### 2.- ACTIVIDADES VIGO EN FESTAS.

**Obxectivo:**

Consiste nunha programación de actividades que teñen lugar entre os meses de marzo e setembro. Promove directamente a participación da cidadanía en actividades socioculturais de lecer e de tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural e económica.

**Lugar:**

Centro da cidade e nos barrios e parroquias do término municipal.

**Público obxectivo:**

Poboación en xeral.

**Tarefas e accións:**

O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades que se detallan a continuación:

### **2.1 - Actividades e espectáculos de pequeno formato por barrios, parroquias, centro da cidade e praias durante todo o ano.**

O servizo programa para o público en xeral diversas actividades e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade coa fin de achegar alternativas de ocio e lecer e dinamizar a vida social e económica dos barrios. Estes eventos poden ter formato de concertos musicais, contacontos, música tradicional, danza, teatro, maxia, recital, etc.

### **2.2.- Día internacional do Jazz**

O jazz é un xénero musical que está a ter moita aceptación na cidadanía. Dende a Concellería de Participación Cidadá e Festas estase potenciando a oferta musical a través de varias actividades ao longo do ano, que no caso deste xénero se concreta ,entre outras, nun evento singular que conmemora o Día Internacional do Jazz o 30 de Abril. Este evento consiste nun concerto cunha Big Band de Jazz prestixiosa no panorama nacional e formada preferiblemente por músicos xoves co fin de suscitar a interese do público máis novo.

### **2.3.- Festas e Certames**

Celebración de Festas e Certames relacionados cunha temática concreta como o a Festa das Escolas Municipais de Música e Arte, Cancións dos Nossos Barrios, Festival de Danza Urbana, etc. cunha duración de varios días dirixidos ao público xeral e que promoven valores culturais e contribúen á dinamización sociocultural e económica.

### **2.4 Festival Internacional “O Marisquiño”.**

Ao longo dos seus dezasete anos de historia, Festival “O Marisquiño” posicionouse dentro da élite exclusiva de eventos que reúne a cualificación de “Word Cup” para tres disciplinas deportivas urbanas. A repercusión publicitaria da cidade a nivel nacional e internacional vinculada ao evento transformouse nunha plataforma de comunicación cun gran valor estratéxico.

A sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU, CIF B-36.957.132, vén realizando a organización do programa “O Marisquiño”, o Concello de Vigo, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais, e por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño), prevé a concesión dunha subvención para a organización do festival “O Marisquiño”.

O evento ten lugar na primeira quincena de agosto.

### **2.5. Festival Folclórico Internacional Concello de Vigo edición XXVIII.**

O Festival folclórico internacional recolle unha serie de actuacións en barrios e parroquias da cidade de grupos de folclore doutras rexións ou países. Este programa ten sido desenvolvido en todas as súas edicións anteriores pola **Asociación cultural Interfolc (CIF G-36.892.271)**, que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo,





## Concello de Vigo

investigación e arquivo de datos folclórico-culturais. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor da Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271) con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de festas (transferencias correntes).

### **2.6.- Concertos musicais de Castrelos**

O programa de concertos e espectáculos nacionais e internacionais celebrados no Auditorio ao aire libre de Castrelos é o que aglutina un maior número de público e conleva un maior esforzo organizativo, administrativo e orzamentario.

### **2.7.- Semana da música Clásica e Jazz na Praza de Compostela**

No ano 2021 desenvolveuse un ciclo de música clásica e jazz na Praza de Compostela durante cinco días que acadou unha grande aceptación polo público. Durante estes días tamén se desenvolveron propostas e actividades infantís, de maxia, percusión e escénicas, que completaron unha proposta de ocio nun emprazamento singular e nun formato novedoso. Preténdese no ano 2022 dar maior énfase e presenza ás propostas de música clásica e jazz, en formato concerto, talleres infantís e outras actividades relacionadas co xénero musical, que foron as máis exitosas. Inclúense nesta semana outras actividades de ocio e entretenimento que complementen e completen a oferta sociocultural.

### **2.8.- Festas gastronómicas.**

Dentro da programación de verán, e se a normativa actual dada a situación de emerxencia sanitaria o autoriza, o servizo desenvolve tres festas gastronómicas que teñen como obxectivo a exaltación de tres produtos típicos da gastronomía viguesa.

O programa Festas gastronómicas da cobertura aos obxectivos nº 2 e 4 do servizo de Festas: Conseguir a través da programación de actividades socioculturais una acción transformadora do municipio, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida. Así como o fomento de valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión da nosa identidade cultural e da nosa historia, e favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.

Sendo a tres festas as seguintes:

- ✓ **Festa do Mexillón:** A Festa Gastronómica do Mexillón ven organizándose nos últimos anos no Parque de Castrelos. Este programa o desenvolve a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo. Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor da Federación de Peñas El Olivo con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.

- ✓ Festa do Polbo: A “Festa Gastronómica do Polbo” ven organizándose no Parque Forestal do Monte dos Pozos. Este programa vén sendo desenvolvido polo Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.  
Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor do Centro Veciñal e cultura de Valladares con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.
- ✓ Festa da Sardiña: A Festa Gastronómica da Sardiña organizáse na carballeira do monte da Guía. Este programa vén sendo desenvolvido pola “Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” (CIF G-36.731.404), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados con ditos fins sociais.  
Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor da Asociación de “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves” con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.

## **2.9.- Actividades socioculturais de Outono**

Estes ciclos de actividades teñen lugar nos meses de outubro e novembro, e consiste nunha programación de actividades de pequeno formato en distintos puntos da cidade, barrios e parroquias:

- ✓ Samaín: Este programa desenvólvese anualmente coincidindo coa festividade de Todos os Santos o 1 de Novembro. O servizo organiza obradoiros, animación de rúa, e espectáculos infantís en diferentes puntos da cidade relacionados coa temática de Samaín. O público destinatario é infantil e familiar.
- ✓ Outono: Este programa desenvólvese anualmente entre setembro e novembro. O servizo organiza obradoiros, animación de rúa, e espectáculos infantís en diferentes puntos da cidade relacionados coa temática da castaña e o Magosto. O público destinatario é infantil e familiar.
- ✓ Festa do Magosto. Convenio coa Federación de Peñas El Olivo (CIF G-36.704.666) para a organización da Festa do Magosto na Praza do Berbés. A Federación de Peñas El Olivo, que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo, conta cunha subvención nominativa para organizar este evento con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.

## **2.10.- Patrocinio publicitario**

Dentro do obxectivo 4 se encadra o patrocinio publicitario para o desenvolvemento do V Festival Urderfest, co fin da promoción e difusión da cidade de Vigo no ámbito de ocio e esparcemento incluída nas competencias desta Corporación, a través da celebración do evento, como o que nos ocupa, ao converterse nunha fonte xeradora de beneficios directos.

O contrato de patrocinio ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «retorno publicitario», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado



## Concello de Vigo

permite que o patrocinador faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado. O patrocinador, a cambio, goza da notoriedade. Desta forma incrementase o coñecemento do seu nome ou marca e favorece a súa imaxe.

Nos últimos anos vense patrocinando este Festival cun exitoso resultado, cuantificado nun retorno publicitario que duplica a inversión do patrocinio. A figura do patrocinio considérase neste caso a máis adecuada fronte a outro tipo de acción publicitaria, porque conleva un grao de implicación do patrocinador coa formulación e o contido da acción desenvolvida pola empresa.

### **3.- ACTIVIDADES DE NADAL 2022-2023**

#### **Obxectivo:**

Consiste nunha programación de actividades que teñen lugar no mes de Nadal. Promove directamente a participación da cidadanía en actividades socioculturais vinculadas a celebración do Nadal.

#### **Lugar:**

Centro da cidade e nos barrios e parroquias do término municipal.

#### **Público obxectivo:**

Poboación en xeral inda que as actividades están orientadas principalmente ao público infantil e familiar.

#### **Tarefas e accións:**

O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades que se detallan a continuación:

#### **3.1.- Parque infantil de Nadal**

O obxecto desta actividade é a organización dun Parque infantil temático no Auditorio Mar de Vigo que ofrece aos nenos e nenas de Vigo no período de vacacións de Nadal a posibilidade de desfrutar de diversas actividades de ocio e lecer: obradoiros, actividades de aventura e deportivas, xogos.

#### **3.2.- Nadal polos barrios.**

Selección e posterior organización e contratación de actuacións de pequeno formato (corais, grupos folclóricos, animacións infantís, espectáculos de rúa) en diversos puntos da cidade.

#### **3.3.- IV Certame de Rondallas**

Preténdese manter e fomentar a tradición musical e cultural das Rondallas típicas da provincia de Pontevedra mediante a realización dun certame de Rondallas. Dende hai 30 anos vense celebrando en Vigo a celebración de concursos e posteriormente certames de Rondallas que xeneran unha grande expectación na cidadanía sendo moi numeroso o público asistente en certames anteriores .

### **3.4.- Visita dos Reis Magos e Carreiro Real aos hospitais e centros asistenciais.**

O servizo organiza a visita aos principais centros sanitarios e asistenciais de Vigo. Este programa inclúe a caracterización dos reis, a contratación do transporte dos reis e paxes e máis a compra de agasallos para os nenos/nenas hospitalizadas e dos centros asistenciais.

### **3.5.- Cabalgata de Reis**

O 5 de xaneiro prevese o desfile das carrozas da Comitiva Real formada polos Reis Magos, Carreiro/a Real e a entidades que queiran colaborar no evento. O desfile pode ser en formato estático, dinámico ou unha combinación de ambos e se desenvolverá coa temática e o emplazamento e/ou recorrido que se decida en función das oportunidades.

### **3.6.- Concertos de Nadal**

Prevese a realización dun concerto de Aninovo e outro de Reis co motivo do comezo do Ano e do fin do programa de Nadal.

- ✓ **Concerto de Aninovo:** Preténdese a realización dun concerto realizado por unha Coral de reconocido prestixio. A música realizada polas corais ten moita aceptación no público en xeral e completa a oferta musical xunto cos outros xéneros programada durante o ano.
- ✓ **Concerto de Reis:** Entre as actividades de fomento do jazz como xénero musical que está a ter moita aceptación no público xeral preténdese a realización dun concerto cunha Big Band de Jazz prestixiosa no panorama nacional e formada preferiblemente por músicos xoves co fin de suscitar a interese do público máis novo.

## **5.- PROGRAMA DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

A convocatoria anual de subvencións en concorrencia competitiva esta destinada a entidades sen ánimo de lucro para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais.

A concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos do servizo.

## **6.- OUTRAS SUBVENCÍONS.**

### **Subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para organización do programa “Vente con Nos”.**

O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo no ano 2002, co fin de desenvolver un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver o programa “Vente con Nós” cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

A través desta subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para organización do programa “Vente con Nos” a entidade comprométese ao desenvolvemento dos programas “**Vente con Nós**” que acollen un ciclo de actuacións de música, canto e danza tradicionais e a Semana de Teatro Afeccionado.

### **7.- XESTIÓN DAS ACCIÓNS PRECISAS PARA O FUNCIONAMENTO, CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓNS DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS.**

O Auditorio ao aire libre de Castrelos e unha instalación adscrita ao servizo de Festas que obriga a realizar ao longo do ano diversas accións e contratación coa fin de asegurar o seu correcto funcionamento e que son as seguintes:

- ✓ Revisión xeral das instalacións do auditorio antes do inicio dos espectáculos.
- ✓ Reparacións necesarias que poidan xurdir trala revisión das instalacións antes da tempada dos espectáculos de verán, as derivadas das probas de carga realizadas no escenario no ano 2021 así como aquelas actualizacións necesarias nas infraestruturas escénicas conforme aos requerimentos técnicos dos artistas.
- ✓ Contratación do mantemento do Auditorio a fin de realizar as pequenas reparacións que demande a posta en funcionamento das instalacións para os espectáculos de verán, así como o control do recinto cando se ceda a súa utilización a entidades sen ánimo de lucro para a realización de diferentes eventos.
- ✓ Contratación das asistencias técnicas para certificar a seguridade estrutural da cuberta do escenario, cálculo de cargas da cuberta para cada espectáculo, certificación da seguridade de utilización do recinto, elaboración do plan de auto protección do Auditorio de Castrelos.

Ademais das accións anteditas a xestión inclúe a cesión do recinto ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de diferentes eventos.

#### **PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a “**PROPOSTA DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2022**”.

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa **publicación no “Portal de Transparencia”** conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(106).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos.. Como secretaria dou fe.

MEF.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez